

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**12408** *Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Constitución española, no seu artigo 104, establece que as forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá, e que unha lei orgánica determinará as súas funcións, principios básicos de actuación e estatutos.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, desenvolveu o mandato constitucional sinalando, ademais das súas misións, que o réxime estatutario da Garda Civil, instituto armado de natureza militar, será o establecido na dita lei, nas normas que a desenvolvan e no ordenamento militar.

O proceso de constitución dun marco estatutario para o persoal da Garda Civil continuou coa aprobación da Lei 28/1994, do 18 de outubro, pola que se completou o réxime que para o dito persoal estableceu, con carácter xeral, a Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.

A Garda Civil, pola súa natureza militar e a súa pertenza ás forzas e corpos de seguridade do Estado, precisa dun estatuto de persoal propio que teña en conta a súa tradición e funcións específicas. Con esta finalidade foron aprobadas a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil e, máis recentemente, a Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, e a Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, normas de extraordinaria importancia na conformación dun estatuto de persoal para os seus membros.

Na Lei 42/1999, do 25 de novembro, abordáronse, con maior ou menor profundidade, aspectos que configuraban o réxime dos seus compoñentes, tales como os órganos con competencias en materia de persoal; os empregos, categorías e escalas; os cadros de persoal; o sistema de ensino; o historial profesional e as avaliacións; o seu réxime de ascensos; a provisión de destinos; as situacións administrativas; o cesamento na relación de servizos profesionais, e os seus dereitos e deberes.

O artigo 1.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o réxime do persoal do corpo da Garda Civil se debe rexer pola súa lei específica, que se deberá basear na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e, dada a natureza militar do dito instituto armado e a condición militar dos seus membros, naquela lei. En consecuencia, a disposición derradeira sétima mandata o Goberno para actualizar o dito réxime.

Esta lei configura o réxime de persoal baseándose nas normas antes citadas e ten en conta e incorpora á súa lexislación específica e regulamentaria, coas necesarias adaptacións, as normas de aplicación xeral ao resto dos funcionarios públicos que se recollen, fundamentalmente, na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

En consecuencia, faise preciso actualizar o réxime do persoal do corpo da Garda Civil para adaptalo ao marco normativo de referencia mencionado anteriormente, aproveitando para isto a experiencia adquirida desde a aprobación da Lei 42/1999, do 25 de novembro.

O resultado que se pretende conseguir é o establecemento dun sistema integral en que, sendo o elemento humano o máis importante, se posibilite un adecuado proceso de selección, se proporcione a necesaria formación, tanto inicial como ao longo de toda a vida profesional e se brinden suficientes oportunidades de promoción, ao tempo que se facilite unha xestión eficiente dos recursos humanos. Todo isto co obxectivo último de dispor de homes e mulleres comprometidos, motivados no seu labor e capacitados para dar resposta ás funcións asignadas á Garda Civil e ás necesidades de seguridade dos cidadáns.

## I

Esta lei define o concepto de garda civil como español, vinculado ao corpo cunha relación de servizos profesionais de carácter permanente como membro das forzas e corpos de seguridade do Estado e como militar de carreira da Garda Civil. A condición de garda civil adquirese ao obter o primeiro emprego e incorporarse á escala correspondente. A partir dese momento comeza a súa carreira profesional durante a cal poderá ascender, con base na súa preparación e experiencia profesional, e desempeñar labores en diferentes ámbitos de responsabilidade.

Un dos obxectivos desta lei é avanzar na incorporación das normas de aplicación ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado ao réxime específico dos membros do instituto armado, para o cal se deben efectuar as adaptacións normativas que sexan necesarias e que derivan das súas misións e da súa condición militar.

A igualdade efectiva entre mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e a conciliación da vida profesional, persoal e familiar, están especialmente presentes nesta lei e, por conseguinte, deberano estar no seu desenvolvemento posterior, incluíndo medidas para facilitar a incorporación e promoción profesional da muller. Con esta finalidade, o texto normativo prevé a realización de avaliacións periódicas para verificar a efectividade na aplicación do principio de igualdade de xénero. Recolle, ademais, de maneira específica, unha especial protección para a muller embarazada ou de parto recente á hora de realizar as probas físicas dun proceso de selección, o dereito preferente para ocupar destino que teñen a muller vítima de violencia de xénero que se vexa obrigada a cesar no que ocupa e as vítimas de terrorismo, e a exención, para estes casos, do requisito de publicación previa daquel.

Tendo presentes os valores tradicionais do corpo da Garda Civil, inclúese un conxunto de regras esenciais de comportamento que, xunto cos principios que rexen a súa actuación como corpo de seguridade do Estado e os deberes que se dispoñen na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, deseñan un auténtico código de conduta para os gardas civís, cun carácter orientador respecto aos niveis de responsabilidade, de exigencia persoal e de profesionalidade, cos cales se deben presentar ante a sociedade, dada a importancia que o seu labor ten para o benestar dos cidadáns e a seguridade do Estado.

Corresponde aos ministros de Defensa e do Interior, como se regula no título I, a dirección da política de persoal e de ensino na Garda Civil, de acordo coa distribución de competencias que neses ámbitos derivan desta lei e da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

## II

No título II establécese a ordenación do persoal en diferentes empregos, categorías e escalas e as funcións profesionais que desempeñan. A lei recolle un modelo de categorías, escalas e empregos similar ao das Forzas Armadas establecido na Lei 39/2007, do 19 de novembro, salvo no que se refire á escala de cabos e gardas, que é específica e ten a súa propia regulación na Garda Civil.

O persoal do corpo agrúpase nas escalas de oficiais, suboficiais e de cabos e gardas en función do grao educativo exigido para a súa incorporación a elas e das facultades profesionais asignadas ao conxunto dos empregos, consecuencia da preparación recibida e delimitadoras dos niveis de responsabilidade no cumprimento das funcións que se asignen.

Introdúcese, como novidade, a creación dunha única escala de oficiais co propósito de dar maior cohesión e homoxeneidade ao modelo de carreira de todos os oficiais da Garda Civil e de acomodar así o instituto ao proceso de conformación do Espazo Europeo de Educación Superior. O primeiro emprego nesta nova escala será o de tenente, polo que a partir da finalización do período transitorio que establece a lei só se concederá o emprego de alférez, con carácter eventual, aos alumnos dos centros de formación.

A lei establece o procedemento mediante o cal se incorporarán á citada escala de oficiais os procedentes das escalas superior de oficiais, facultativa superior, de oficiais e facultativa técnica, que foron definidas na Lei 42/1999, do 25 de novembro. Para isto tivéronse en conta as expectativas de ascenso dos seus membros e as necesidades funcionais e orgánicas da Garda Civil. Os membros das escalas de oficiais, facultativa superior e facultativa técnica integráronse, logo de superación da formación complementaria que para cada unha delas se estableza, garantíndose, en todo caso, un desenvolvemento profesional para aqueles que non opten pola incorporación á nova escala.

Na lei inclúense as funcións xenéricas de cada unha das catro categorías en que se agrupa o persoal do corpo: oficiais xenerais, oficiais, suboficiais e cabos e gardas. Destácase a alta dirección que desenvolverán os oficiais xenerais; as accións directivas, especialmente de mando e coordinación, que corresponden aos oficiais; as accións executivas e, se for o caso, directivas dos suboficiais, que destacan polo seu liderado e colaboración, e as de realización de tarefas dos cabos e gardas civís, que constitúen o elemento primordial da estrutura orgánica da Garda Civil.

Para dar resposta ás súas necesidades funcionais exíxese unha estrutura orgánica adecuada, baseada na ordenación dos seus membros por emprego, na cal se ordenen os postos de traballo necesarios e se poida asignar, a cada un deles, un ou varios empregos. Desta forma, salvagardando sempre a orde xerárquica, preténdese conseguir unha maior optimización do persoal e dotar a xestión dos recursos humanos dun maior grao de flexibilidade.

### III

Encoméndase ao Goberno a aprobación dun cadro de persoal para o corpo da Garda Civil por períodos de catro anos, do que serán informadas as Cortes Xerais. Neste cadro de persoal inclúense os diferentes empregos e escalas excepto os correspondentes ao primeiro de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual que se determine de acordo cos créditos orzamentarios, da evolución real dos efectivos e das novas necesidades de persoal, todo isto sobre a base da provisión de prazas que se efectúe.

Nas provisións anuais poderanse ofertar, para o ingreso nos centros docentes, un número de prazas superior que o que se fixe para o acceso posterior ás escalas. A finalidade non é outra que mellorar a selección, prolongándoa durante parte do período formativo e propiciar, ademais, un aumento do número de aspirantes a ingreso.

### IV

O ensino, elemento fundamental no réxime de persoal que se pretende establecer, experimenta unha importante reforma. As modificacións introducidas respecto á normativa anterior supoñen un avance na integración do sistema de ensino da Garda Civil no Sistema educativo español e unha adaptación da formación dos oficiais á reordenación dos títulos universitarios, que teñen a súa base na conformación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Dada a importancia da función que os gardas civís desempeñan na sociedade, cómpre asegurar a calidade das ensinanzas que reciben. Así, a finalidade que se debe perseguir non é outra que garantir que os seus membros dispoñan, ao longo de toda a súa vida profesional, das competencias necesarias para cumprir con efectividade as funcións encomendadas.

Para conseguilo, o ensino na Garda Civil artículase en cinco elementos clave: proceso de selección e acceso, plans de estudo e titulacións, centros docentes, alumnos e profesorado. De todos eles se ocupa a lei establecendo as directrices fundamentais que permitan un desenvolvemento regulamentario posterior.

Incorpóranse dentro do articulado as idades máximas para poder participar nos procesos selectivos dos distintos sistemas de acceso ao ensino de formación da Garda Civil, tanto no acceso directo á escala de cabos e gardas como na promoción profesional. En canto ao acceso directo á escala de cabos e gardas, a selección dos seus integrantes estará dirixida a atender as necesidades de persoal do corpo a curto, medio e longo prazo. Esas necesidades, fundamentalmente operativas, requiren persoal con experiencia, cuxa obtención require uns períodos de permanencia en situación de actividade dunha certa duración, e a propia lei fixa, para a dita escala, o pase á situación administrativa de reserva a partir dos 58 anos; ademais, a existencia de distintas especialidades para o cumprimento das misións que atribúe ao corpo a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, aconsellan unha idade onde, primeiro, se poidan adquirir e logo manter no tempo as destrezas psicofísicas necesarias para desempeñar labores en áreas concretas de actividades daquelas especialidades, moitas das cales requiren medios e procedementos nos cales aquelas condicións, tanto no seu inicio como mantidas no tempo, son non só fundamentais, senón que garanten a seguridade e integridade dos propios axentes. Finalmente, unha permanencia, ao menos minimamente prolongada, require igualmente incentivos que a favorezan, e algúns deles serían tanto os de garantir a promoción profesional, para a que se requiren uns tempos mínimos de permanencia nos diferentes empregos, como os que garantan os dereitos económicos inherentes ao retiro, que igualmente requiren uns determinados anos de actividade profesional.

Por todo isto, establécese que para o acceso directo á escala de cabos e gardas os aspirantes non poderán superar os 40 anos.

Por outro lado, a promoción interna ás distintas escalas ten fixado como requisito de idade non superar os 50 anos. Na promoción profesional óptase por manter esa idade, recolléndoo especificamente no texto, a diferenza do que sucedía na lei anterior, tendo en conta para isto que, en primeiro lugar, se debe pór en relación a formación recibida no proceso de promoción co tempo dispoñible para aplicar os coñecementos adquiridos e, en segundo lugar, que a participación nos ditos procesos de promoción se faga cunha idade que permita alcanzar na súa carreira profesional certos empregos, cuxa experiencia profesional nutra as necesidades que en cada un deles teña a Garda Civil, e valorando que no texto legal se fixan unhas idades de pase á situación de reserva que oscilan entre os 58 e os 61 anos, para as escalas de suboficiais e oficiais, respectivamente.

Recóllense os sistemas de concurso, oposición e de concurso-oposición libres como sistemas de acceso aos centros docentes de formación da Garda Civil e garántense os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, así como o resto dos principios reitores de acceso ao emprego público. Con este fin tamén se fai fincapé na imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección e na necesidade de avanzar cara a unha composición paritaria entre mulleres e homes.

O ensino de formación para acceder a cada unha das escalas identifícase con algún dos niveis do Sistema educativo español, en función dos requisitos exixidos para o seu acceso e do seu contido. Así, o ensino para a incorporación ás escalas de cabos e gardas e de suboficiais corresponderase, respectivamente, coa formación profesional de grao medio e de grao superior.

Unha novidade importante é a exigencia dun título de grao para o acceso á escala de oficiais, que será cursado xunto coa formación militar e a de corpo de seguridade, imprescindibles para seguir proporcionando a aqueles as competencias necesarias para o seu exercicio profesional.

O Centro Universitario da Garda Civil impartirá as ensinanzas conducentes á obtención da titulación académica de grao e, ao mesmo tempo, facilitará o desenvolvemento e promoción profesional dos gardas civís, promovendo accións de formación que permitan a obtención de títulos universitarios de grao e posgrao.

Debe ser obxectivo permanente do sistema de persoal ofrecer oportunidades para adquirir as competencias e cumprir os requisitos necesarios con que progresar na carreira profesional desde os niveis inferiores da estrutura xerárquica.

Constitúe unha parte importante no desenvolvemento profesional dos gardas civís a súa permanente actualización de coñecementos e as posibilidades de especialización con que poder reorientar a súa carreira e mellorar o seu desempeño profesional. Paralelamente, e cos mesmos propósitos, establécese un sistema de promoción que lles permite acceder ás escalas superiores e desempeñar así labores de maior responsabilidade. Para facilitar a dita promoción, reservarase aos suboficiais e aos membros da escala de cabos e gardas unha porcentaxe das prazas que se oferten anualmente para o acceso á escala de oficiais. Así mesmo, a totalidade das prazas para ingreso na de suboficiais serán reservadas aos membros da de cabos e gardas.

## V

A lei desenvolve no seu título V a carreira profesional dos gardas civís, entendida como o acceso gradual aos sucesivos empregos, a ocupación de diferentes destinos e a progresiva capacitación para asumir postos de maior responsabilidade.

Na carreira profesional é esencial a regulación dos historiais profesionais e das avaliacións do persoal. Destacan pola súa importancia os informes persoais de cualificación, instrumento con que se efectuará de forma periódica a avaliación dos membros do corpo e nos cales se deberá valorar a súa actitude ante o servizo, competencia e desempeño profesional. Mediante desenvolvemento regulamentario efectuarase a súa regulación e estableceranse os procedementos de alegación que, se for o caso, sexan necesarios.

Outro elemento clave ao cal a lei concede gran relevancia é o establecemento dun sistema de ascensos que sexa eficaz para a Garda Civil e, ao mesmo tempo, satisfaga as lexítimas expectativas de desenvolvemento profesional dos seus membros. Neste ámbito é obxectivo do texto legal potenciar o mérito e a capacidade, para o cal se inclúen sistemas de ascenso máis exixentes, como son o de elección e o de clasificación, e se limita o de antigüidade só ao primeiro ascenso dos oficiais e suboficiais.

Amplíase o sistema de ascenso por elección ao emprego de coronel, co fin de que sexan tidas en conta as capacidades e idoneidade daqueles que foron avaliados co obxecto de seleccionar aqueles que no dito emprego ocuparán na Garda Civil postos de gran responsabilidade e nivel de decisión. Introdúcese, así mesmo, o sistema de clasificación, que implica vincular a orde de ascenso a determinados empregos ao resultado dunha avaliación previa, en que se valorarán, fundamentalmente, os méritos, as aptitudes e o desempeño profesional.

Constitúe tamén unha novidade a posibilidade que se presenta ao garda civil de poder solicitar, en catro ocasións, a súa exclusión dunha avaliación para o ascenso, sen que isto lle supoña unha renuncia definitiva a el. Con esta medida favorécese a conciliación da vida persoal e familiar coa profesional, permitindo certo grao de acomodación entre ambas.

A facultade para a concesión dos ascensos aos empregos da categoría de oficiais xenerais seguirá residindo no Consello de Ministros. Pola súa parte, corresponderán ao ministro de Defensa os daqueloutros empregos en que o sistema de ascenso sexa por elección.

Ao director xeral da Garda Civil correspóndelle a competencia para a concesión dos ascensos aos demais empregos.

A lei atribúe tamén ao director xeral a competencia para acordar a exclusión temporal dunha avaliación para o ascenso ou declarar en suspenso a declaración de aptitude realizada, no caso de incoación dun procedemento penal ou disciplinario, mentres non sexa firme a súa resolución, tendo en conta a natureza e a gravidade dos feitos que o motivaron.

Os destinos clasifícanse, segundo a súa forma de asignación, en destinos de libre designación, de concurso de méritos e de antigüidade. Non obstante, considerando que



os primeiros se deben asignar con carácter restritivo, a lei circunscríbese exclusivamente a aqueles que supoñan especial responsabilidade e confianza.

Con carácter xeral, os destinos proveranse mediante procedementos baseados nos principios de mérito, capacidade, antigüidade e publicidade. Non obstante, para optimizar o emprego dos recursos humanos e facilitar a rápida asignación de postos de traballo, a norma prevé a posibilidade de que a aqueles que se incorporen a unha escala tras a superación do correspondente período de formación se lles poida outorgar destino sen o requisito previo de publicación.

Tamén en materia de destinos se dá á muller unha protección especial en determinados supostos. Así, durante o período de embarazo adecuaranse os seus labores ao seu estado e eximírase do requisito de publicación do destino á garda civil vítima de violencia de xénero, co fin de asegurar a súa protección e asistencia social. Cunha finalidade similar trátanse os gardas civís declarados vítimas do terrorismo. A atención á familia tamén está presente, como xa se sinalou, e incorpórase para tal efecto a regulación da adscrición temporal a un posto de traballo para facilitala.

En canto ás situacións administrativas, consérvanse os avances efectuados desde a aprobación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, para adaptalas, cando así procede, ao Estatuto básico do emprego público. Non obstante, dada a condición de militar de carreira dos gardas civís e tendo en conta o marco de competencias en materia de persoal que se establece no título I, correspondendo ao ministro de Defensa as concernentes ás situacións administrativas, débense manter aquelas en termos equivalentes ás establecidas para os militares de carreira das Forzas Armadas. Mantense, ademais, a situación específica da reserva coa súa propia regulación e como elemento necesario para a optimización do emprego do persoal, dadas as especiais características das funcións que desempeñan os gardas civís.

Con carácter xeral, o garda civil estará suxeito ao réxime xeral de dereitos e obrigas establecido para os membros da Garda Civil, salvo naquelas situacións en que así se especifique e para as cales se introduciu a figura de garda civil en suspenso.

## VI

Esta lei tamén concede un especial tratamento á protección social dos gardas civís. Regula os seus aspectos básicos con carácter xeral e reforza os órganos específicos con que contará a Garda Civil nesta materia, sen prexuízo da pertenza dos seus membros ben ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, ben ao réxime xeral da Seguridade Social. Así mesmo, incídese na importancia dos servizos de asistencia e inspección sanitaria e de atención psicolóxica como un elemento que coaduxo na mellora das súas condicións de vida e traballo.

## VII

Por medio dunha serie de disposicións adicionais dispónse a integración dos membros das escalas superior de oficiais, de oficiais, facultativa superior e facultativa técnica nunha nova e única escala de oficiais; establécese a posibilidade de que os membros das Forzas Armadas poidan seguir ocupando destinos na Garda Civil; efectúase unha remisión á regulación xeral sobre indemnizacións do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, e encádranse na estrutura xerárquica aqueles que de forma transitoria sigan desempeñando o emprego de alférez e os alumnos aos cales se lles conceda o dito emprego con carácter eventual.

Tamén se inclúe un conxunto de disposicións transitorias para que as previsións contidas na lei se poidan realizar de maneira progresiva, especialmente no relativo ao proceso de constitución da nova escala de oficiais, adaptación do ensino ao novo sistema, adecuación dos cadros de persoal, ascensos e situacións administrativas.

Derrógase a Lei 42/1999, do 25 de novembro, nos termos que establece esta lei, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela.

En definitiva, a presente lei pretende ser un texto integrador en que se abordan os diferentes aspectos que configuran o réxime do persoal da Garda Civil. Pola súa natureza militar e pola súa pertenza ás forzas e corpos de seguridade, conxúganse os principios esenciais vertidos na normativa que rexe a carreira militar dos membros das Forzas Armadas, con aqueles outros que son de aplicación, de maneira específica, ás institucións policiais e, de maneira xeral, ao resto dos empregados públicos.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer o réxime do persoal da Garda Civil e, especificamente, a carreira profesional dos seus membros e todos aqueles aspectos que a conforman, co fin de que este corpo de seguridade do Estado de natureza militar estea en condicións de cumprir coa misión que o artigo 104.1 da Constitución encomenda ás forzas e corpos de seguridade do Estado e coas funcións que lle atribúen os artigos 11 e 12 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, que o desenvolven, así como as misións de carácter militar que se lle asignen, de acordo co previsto na citada lei orgánica e na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación aos gardas civís e, nos termos nela establecidos, a quen ingrese nos centros docentes de formación da Garda Civil.

2. Os principios e normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, establecidos de acordo coa Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, incorporaranse ao réxime do persoal da Garda Civil, sempre que non contradigan a súa lexislación específica.

#### Artigo 3. *Gardas civís.*

1. Son gardas civís os españois vinculados ao corpo da Garda Civil por unha relación de servizos profesionais de carácter permanente como membros das forzas e corpos de seguridade do Estado e que, pola natureza militar do instituto en que se integran, son militares de carreira da Garda Civil.

2. A condición de garda civil adquirese ao obter o primeiro emprego, conferido polo rei e referendado polo ministro de Defensa, e incorporarse á escala correspondente do corpo.

3. O primeiro emprego obtense mediante a superación das probas de selección e do plan de estudos do centro docente de formación correspondente.

4. A cualificación obtida ao concluír o ensino de formación determinará a orde de escalafón.

#### Artigo 4. *Xuramento ou promesa ante a bandeira de España.*

Para adquirir a condición de garda civil previamente deberase prestar xuramento ou promesa de cumprir fielmente as súas obrigas profesionais, con lealdade ao rei e de cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado.

O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira será público, estará revestido da maior solemnidade e axustarase á seguinte secuencia:

O xefe da unidade que tome o xuramento ou promesa ante a bandeira pronunciará a seguinte fórmula:

«Gardas civís!, Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as vosas obrigas, cumprir e facer cumprir a Constitución como norma

fundamental do Estado, obedecer e respectar o rei e os vosos xefes, non abandonalos nunca e, se preciso for, entregar a vosa vida en defensa de España?».

Ao que os gardas civís contestarán:

«Si, facémolo».

O xefe da unidade replicará:

«Se cumprides o voso xuramento ou promesa, España hávolo de agradecer e de premiar, e, se non, hávolo de demandar», e engadirá: «Gardas civís, viva España!», e «Viva o rei!», que serán contestados cos correspondentes: «Viva!».

A seguir, os gardas civís bicarán un por un a bandeira e, posteriormente, como sinal de que España acepta o seu xuramento ou promesa, desfilarán baixo ela.

#### Artigo 5. *Igualdade de xénero e conciliación da vida profesional, persoal e familiar.*

1. A igualdade efectiva de mulleres e homes estará especialmente presente no desenvolvemento e aplicación desta lei. Implementaranse as medidas necesarias para facilitar o ingreso e a promoción profesional da muller.

2. As normas e criterios relativos á igualdade, á prevención da violencia de xénero e á conciliación da vida profesional, persoal e familiar establecidos para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado serán de aplicación aos membros da Garda Civil coas adaptacións e desenvolvementos que sexan necesarios.

3. Para asegurar a efectividade na aplicación do principio de igualdade de xénero na Garda Civil realizaranse avaliacións periódicas e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir o dito principio, na forma que regulamentariamente se determine.

#### Artigo 6. *Código de conduta.*

Os gardas civís desenvolverán as súas funcións con absoluto respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico. Deberán actuar conforme os principios establecidos no artigo 5 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e no título III da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, así como as regras de comportamento que se establecen no artigo seguinte, e que conforman as normas básicas do seu código de conduta.

#### Artigo 7. *Regras de comportamento do garda civil.*

1. As regras esenciais que definen o comportamento do garda civil son as seguintes:

1. Manterá unha disposición permanente para defender España e protexer o exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, que debe ter a súa expresión diaria no exacto cumprimento da Constitución e as leis.

2. Porá todo o seu empeño en preservar a seguridade e o benestar dos cidadáns, sen discriminación ningunha por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou ideoloxía, orientación ou identidade sexual, idade, discapacidade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, actuando sempre con dignidade, prudencia e honradez.

3. Cumprirá con exactitude os seus deberes e obrigas impulsado polo sentimento da honra, verdadeiro sinal de identidade do garda civil.

4. Fará un emprego lexítimo da forza, cun uso gradual e proporcionado dela; a persuasión e a forza moral serán as súas primeiras armas. Rexerase, en todo caso, polos principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance.

5. Estará preparado para afrontar con valor, abnegación e espírito de servizo as situacións que derivan das súas misións.



6. Actuará como instrumento da Nación española cando participe en misións para contribuír ao mantemento da paz e a seguridade internacional ou en misións de apoio humanitario, en estreita colaboración con institucións de países aliados, ou no marco de organizacións internacionais das cales España forme parte ou en misións de cooperación internacional.

7. A disciplina, factor de cohesión que obriga a mandar con responsabilidade e a obedecer o mandado, será practicada e exixida na Garda Civil como norma de actuación. Ten a súa expresión colectiva no acatamento á Constitución e a súa manifestación individual no cumprimento das ordes recibidas.

8. Desempeñará os seus labores con estrito respecto á orde xerárquica establecida na estrutura orgánica e operativa da Garda Civil, que define a situación relativa entre os seus membros en canto concirne a mando, subordinación e responsabilidade.

9. Obedecerá as ordes, que son os mandatos relativos ao servizo, que un garda civil dá a un subordinado, en forma adecuada e dentro das atribucións que lle corresponden para que leve a cabo unha actuación concreta. Do mesmo modo, deberá atender os requirimentos que reciba dun garda civil de emprego superior referente ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.

10. Usará o saúdo militar como mostra de respecto mutuo, disciplina e unión entre os integrantes do instituto. De igual maneira será utilizado como símbolo externo de corrección nas súas relacións cos cidadáns.

11. Exercerá un estilo de mando baseado no exemplo e o liderado persoal, procurando conseguir o apoio e a cooperación dos subordinados mediante un alto grao de prestixio e dedicación profesional, preparación, iniciativa e capacidade de decisión.

12. Non renunciará nin poderá compartir a responsabilidade no exercicio do mando. Todo mando ten o deber de exixir obediencia aos seus subordinados e o dereito a que se respecte a súa autoridade, pero non poderá ordenar actos contrarios á Constitución, ás leis ou que constitúen delito.

13. Evitará todo comportamento que poida comprometer o prestixio do corpo ou a eficacia do servizo que presta á sociedade.

14. Prepararase para alcanzar o máis alto nivel de competencia profesional e para desenvolver a capacidade de se adaptar a diferentes misións e circunstancias.

15. No cumprimento das misións de carácter militar que se lle encomenden, actuará conforme as regras establecidas no artigo 6 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes das Forzas Armadas, ademais de as súas propias.

2. Regulamentariamente desenvolveranse as regras esenciais de comportamento do garda civil establecidas no número anterior, incorporando, pola súa condición militar e coas adaptacións que sexan necesarias, as regras esenciais que definen o comportamento do militar, as reais ordenanzas para as Forzas Armadas e o código de conduta dos empregados públicos.

## TÍTULO I

### Competencias en materia de persoal

Artigo 8. *Do Consello de Ministros.*

Ao Consello de Ministros, como órgano colexiado do Goberno, correspóndelle:

- a) Fixar periodicamente os cadros de persoal regulamentarios para os distintos empregos e escalas.
- b) Aprobar as provisións de prazas mediante as correspondentes ofertas de emprego.
- c) Desenvolver as directrices xerais de promoción e ascenso dos gardas civís.
- d) Exercer as demais competencias que se lle atribúen nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 9. *Dos ministros de Defensa e do Interior.*

Os ministros de Defensa e do Interior dirixen a política de persoal e de ensino na Garda Civil de acordo coa seguinte distribución de competencias segundo a natureza da materia:

- a) Corresponde ao ministro de Defensa o exercicio da función directiva no concernente ao réxime de ascensos e situacións administrativas do persoal.
- b) Corresponde ao ministro do Interior a dirección da política de persoal relativa aos destinos e as retribucións.
- c) Conxuntamente exercerán as súas competencias directivas en todo o relacionado coa selección, a formación e o perfeccionamento.

En particular, exercerán as competencias que se lles asignan nesta lei en relación coa proposta ou aprobación de disposicións de carácter xeral e coa decisión sobre os aspectos básicos nas materias antes mencionadas.

Artigo 10. *Do secretario de Estado de Seguridade.*

O secretario de Estado de Seguridade desenvolverá en relación co persoal do corpo da Garda Civil as seguintes funcións:

- a) A colaboración directa e a asistencia ao ministro do Interior no exercicio das súas competencias.
- b) Asesorar e informar o ministro do Interior sobre as necesidades en materia de persoal e de ensino.
- c) En xeral, o cumprimento das funcións relativas á xestión dos recursos humanos da Garda Civil e de cantas outras competencias lle atribúe esta lei e as disposicións en vigor relativas ao persoal do corpo da Garda Civil.

Artigo 11. *Do subsecretario de Defensa.*

O subsecretario de Defensa, como principal colaborador do titular do Ministerio de Defensa na política de persoal e ensino, é o responsable da súa proposta, desenvolvemento e aplicación para o persoal do corpo da Garda Civil, no ámbito de competencias do mencionado ministro.

Artigo 12. *Do director xeral da Garda Civil.*

Respecto á política de persoal e ensino do corpo da Garda Civil, corresponde ao director xeral da Garda Civil:

- a) Asesorar e informar os ministros de Defensa e do Interior, con carácter ordinario a través do subsecretario de Defensa e do secretario de Estado de Seguridade, no ámbito das súas respectivas competencias, sobre a execución da política de persoal e ensino.
- b) Asesorar o secretario de Estado de Seguridade e o subsecretario de Defensa, no ámbito das súas competencias, na preparación, proposta e desenvolvemento da política de persoal e ensino, de acordo coas directrices emanadas dos ministros de Defensa e do Interior.
- c) Planear e dirixir a instrución e o adestramento e desenvolver as funcións relacionadas co ensino e promoción profesional, no marco da política de persoal e ensino que se defina, de conformidade co establecido neste título.
- d) Definir os perfís correspondentes ao exercicio profesional dos gardas civís aos cales debe atender o ensino.
- e) Velar pola moral, motivación, disciplina e benestar do seu persoal.
- f) Aprobar as convocatorias que regulan os procesos selectivos de ingreso nos centros docentes de formación da Garda Civil para a incorporación ás distintas escalas do corpo, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública.
- g) Dispor a baixa de quen curse ensinanzas nun centro de formación da Garda Civil, a excepción do suposto recollido no artigo 48.1.e).

h) Decidir, propor ou informar, segundo proceda de acordo co previsto nesta lei, en relación cos aspectos básicos que configuran a carreira profesional do persoal do corpo.

#### Artigo 13. *Do Consello Superior da Garda Civil.*

1. Ao Consello Superior da Garda Civil, como órgano colexiado asesor e consultivo dos ministros de Defensa e do Interior, do secretario de Estado de Seguridade e do director xeral da Garda Civil, correspóndelle:

- a) Efectuar os informes que se indican nesta lei sobre os aspectos básicos que configuran a traxectoria profesional do persoal do corpo.
- b) Emitir informe sobre os asuntos que sometan á súa consideración os ministros de Defensa e do Interior, o secretario de Estado de Seguridade e o director xeral da Garda Civil.
- c) Ser oído nos procedementos disciplinarios que afecten o persoal do corpo, de conformidade co previsto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, de réxime disciplinario da Garda Civil.
- d) Emitir informe sobre as propostas de concesión de recompensas, cando así o determine a normativa específica que as regula.

2. Regulamentariamente determinarase a súa composición, funcionamento e demais competencias que lle poidan ser asignadas.

#### Artigo 14. *Consello da Garda Civil.*

O Consello da Garda Civil é o órgano colexiado en que participan representantes dos membros do corpo da Garda Civil e dos ministerios de Defensa e do Interior, co fin de mellorar as condicións profesionais dos seus integrantes, así como o funcionamento do instituto exercendo as competencias que, en materia de réxime de persoal, lle atribúe a Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro. Rexerase pola súa normativa específica no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

## TÍTULO II

### Ordenación do persoal

#### CAPÍTULO I

#### Das funcións profesionais dos gardas civís

#### Artigo 15. *Funcións.*

1. Os gardas civís realizarán funcións operativas, técnicas, loxísticas, administrativas e docentes no marco da seguridade pública ou das misións de carácter militar que se lles poidan encomendar. Estas funcións desenvolveranse por medio de accións directivas que inclúen as de mando e de accións de xestión e executivas.

2. A acción directiva exerceuse mediante a definición de obxectivos e a determinación dos medios para conseguilos, establecendo os plans correspondentes e controlando a súa execución. Mediante accións de xestión aplícanse os medios postos á disposición para alcanzar os obxectivos da forma máis eficiente. Por medio de accións executivas póñense en práctica os plans establecidos actuando en cumprimento de ordes concretas ou seguindo procedementos preestablecidos.

3. A acción de mando é unha acción directiva que se refire ao exercicio da autoridade e á asunción da conseguinte responsabilidade, e corresponde ao garda civil en razón do seu cargo, destino ou servizo. Para o exercicio da acción de mando poderase contar coa colaboración dos subordinados en tarefas de información, planeamento, asesoramento, coordinación e control, que constitúen o apoio ao mando.

## CAPÍTULO II

**Escalas, categorías e empregos**Artigo 16. *Escalas do corpo da Garda Civil.*

1. O persoal da Garda Civil agrúpase nas escalas de oficiais, suboficiais e cabos e gardas, en función das facultades profesionais asignadas ao conxunto dos empregos de cada unha delas e aos requisitos educativos exixidos para a incorporación a elas. As facultades profesionais en cada escala son consecuencia da preparación recibida e delimitan o nivel de responsabilidade no cumprimento das funcións asignadas nos diferentes destinos.

2. A creación, extinción, integración ou refundición de escalas efectuarase por lei.

Artigo 17. *Categorías.*

1. Os membros da escala de oficiais agrúpanse nas categorías de oficiais xenerais e de oficiais.

Os oficiais xenerais exercen a acción de mando na estrutura orgánica da Garda Civil e a alta dirección e xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros. Accederán a esta categoría os oficiais que acreditasen na súa traxectoria profesional de modo sobresaliente a súa competencia e capacidade de liderado.

Os oficiais desenvolven accións directivas, especialmente de mando, coordinación, inspección e xestión dos servizos e dos recursos humanos, materiais e financeiros. Caracterízanse polo seu nivel de formación e polo seu liderado, iniciativa, capacidade para asumir responsabilidades e decisión para resolver.

2. Os membros da escala de suboficiais constitúen o elo fundamental da estrutura orgánica da Garda Civil. Desenvolven accións executivas e as directivas que correspondan ao seu nivel, exercen o mando e a iniciativa adecuados a este, impulsando o cumprimento das ordes e instrucións recibidas e efectuando o control e a supervisión das tarefas encomendadas na realización das funcións recollidas no artigo 15. Pola súa cualificación, capacidades e experiencia serán estreitos colaboradores dos oficiais e líderes para os seus subordinados, cos que manterán un permanente contacto.

3. Os membros da escala de cabos e gardas integran a categoría de cabos e gardas. Constitúen o elemento primordial da estrutura orgánica da Garda Civil. Realizarán tarefas de acordo cos procedementos de actuación e de servizo establecidos e da súa profesionalidade, iniciativa e preparación depende en gran medida a eficacia da Garda Civil.

Artigo 18. *Empregos do corpo da Garda Civil.*

1. Dentro de cada categoría, os gardas civís están ordenados por empregos, criterio esencial na organización xerarquizada da Garda Civil e, dentro destes, por antigüidade.

2. Os postos de traballo da súa estrutura orgánica estarán asignados, nun catálogo de postos de traballo, a un emprego ou indistintamente a varios. Esta asignación dependerá das facultades e capacidades profesionais requiridas para o desempeño dos labores que se deban desenvolver e das características do posto.

3. Dentro de cada categoría os empregos do corpo da Garda Civil son os seguintes:

a) Categoría de oficiais xenerais:

- Tenente xeneral.
- Xeneral de división.
- Xeneral de brigada.

## b) Categoría de oficiais:

- Coronel.
- Tenente coronel.
- Comandante.
- Capitán.
- Tenente.

## c) Categoría de suboficiais:

- Suboficial maior.
- Subtenente.
- Brigada.
- Sarxento primeiro.
- Sarxento.

## d) Categoría de cabos e gardas:

- Cabo maior.
- Cabo primeiro.
- Cabo.
- Garda civil.

4. O emprego faculta para exercer a autoridade que corresponda na orde xerárquica do corpo e desempeñar os labores dos distintos niveis da súa organización.

O emprego militar do corpo da Garda Civil, conferido conforme esta lei, outorga os dereitos e obrigas establecidos nela. Cando se produza un acceso a outra escala obterase o emprego que en cada caso corresponda, causando baixa na escala de orixe coa conseguinte perda do emprego anterior.

5. O ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, determinará as divisas dos diferentes empregos, tendo presente a tradición do instituto e a súa natureza militar.

**Artigo 19. *Empregos con carácter eventual.***

1. Cando por necesidades do servizo se designe un garda civil para ocupar un posto en organizacións internacionais ou outros organismos no estranxeiro, que corresponda ao emprego superior ao seu, o ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, poderalle conceder, con carácter eventual, o dito emprego coas súas atribucións e divisas, excepción feita das retribucións que serán as correspondentes ao seu emprego efectivo. Conservarao até ascender ao citado emprego superior ou até o momento do seu cesamento no mencionado posto.

A atribución do emprego superior non xerará dereito ao ascenso nin predeterminará, se for o caso, o resultado da correspondente avaliación.

2. Tamén se poderán conceder empregos con carácter eventual aos alumnos dos centros docentes de formación conforme o disposto no artigo 47.5, e sen que, neste caso, supoña recoñecemento dos efectos mencionados no número anterior.

**Artigo 20. *Empregos honoríficos.***

1. En atención a méritos excepcionais ou circunstancias especiais, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, poderá conceder, con carácter honorífico, o emprego inmediato superior do garda civil que pasase a retiro. Os empregos con carácter honorífico tamén se poderán conceder a título póstumo.

2. A iniciativa para a concesión de empregos con carácter honorífico corresponderá ao director xeral da Garda Civil, que elevará as propostas ao ministro de Defensa, co informe do Consello Superior da Garda Civil, motivando os méritos e circunstancias que as xustifican.

3. Iniciarase de oficio expediente para a concesión do emprego superior con carácter honorífico aos gardas civís falecidos en acto de servizo ou retirados por incapacidade permanente para o servizo, sempre que se produza en acto de servizo ou como consecuencia del.

4. Os empregos concedidos con carácter honorífico non comportarán beneficio económico de natureza ningunha nin serán considerados para efectos de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

#### Artigo 21. *Escalafón, antigüidade e precedencia.*

1. Enténdese por escalafón a ordenación dos compoñentes do corpo segundo a súa escala e, dentro de cada unha delas, por empregos e antigüidade neles. A súa orde só se poderá alterar en aplicación do previsto nesta lei e nas leis disciplinarias, caso en que ao interesado se lle asignará a data de antigüidade no emprego que lle corresponda ou, se for o caso, a daquel que o preceda na nova posición.

2. A antigüidade no primeiro emprego dunha escala é o tempo transcorrido desde a data da súa concesión e, nos sucesivos empregos, desde a data da sinatura da resolución pola que se concede o ascenso correspondente, salvo que nela se faga constar, para estes efectos, a data do día seguinte a aquel en que se produza a vacante que orixine o ascenso.

3. A precedencia dos gardas civís estará determinada polo cargo ou destino que se ocupe se está fixada en normas de carácter regulamentario; se non o está, basearase no emprego; a igualdade de emprego, na antigüidade nel e a igualdade desta resolverase en función da posición no escalafón.

#### Artigo 22. *Capacidades para o exercicio profesional.*

1. A capacidade profesional específica dos gardas civís para exercer as competencias correspondentes a cada posto de traballo determinarase en función dos labores dos membros do corpo, polas facultades atribuídas aos compoñentes da súa escala e polo seu emprego. A dita capacidade habilita, conforme os títulos académicos e profesionais que se posúan, os que se integran nunha escala para o exercicio das súas competencias e o desempeño dos seus labores en todos aqueles destinos ou postos que poidan ocupar, sen que sexa necesario ningún outro requisito de colexiación profesional.

2. A capacidade para desenvolver determinadas actividades poderase tamén condicionar á posesión dun emprego, especialidade ou outros requisitos que se determinen.

3. Ademais da súa capacidade profesional específica, os gardas civís teñen, en todo caso, a necesaria para desempeñar labores non atribuídos particularmente e prestar os servizos que lles poidan corresponder para garantir o funcionamento das unidades, centros e organismos, sempre que non exista ningunha limitación legal ou regulamentaria.

#### Artigo 23. *Especialidades.*

1. Para o cumprimento das misións que lle atribúe ao corpo a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, existirán as especialidades necesarias para desempeñar labores en áreas concretas de actividade en que se requira unha determinada formación específica.

2. O ministro do Interior ou o de Defensa, segundo a natureza da materia a que se refira cada especialidade, e tendo en conta o informe do outro ministerio, determinará:

a) A definición das especialidades, os requisitos e as condicións exixidas para a súa obtención e exercicio, a compatibilidade entre elas, así como as escalas e empregos en que se poden adquirir e manter.

b) As aptitudes, asociadas ás especialidades, que son cualificacións individuais que habilitan para o exercicio dunha actividade profesional en determinados postos orgánicos.



## TÍTULO III

### Planificación dos efectivos de persoal

#### CAPÍTULO I

##### Obxectivo e instrumentos de planificación

Artigo 24. *Obxectivo e instrumentos de planificación.*

A planificación dos recursos humanos na Garda Civil ten como obxectivo contribuír á consecución da máxima efectividade na prestación dos servizos mediante a dimensión adecuada dos cadros de persoal de efectivos nas súas diferentes escalas e empregos.

Terá a súa expresión fundamental nos cadros de persoal regulamentarios, na programación de provisión de prazas e nas provisións anuais aprobadas mediante as correspondentes ofertas de emprego, de acordo co previsto no capítulo seguinte.

#### CAPÍTULO II

##### Cadro de persoal de efectivos e provisión de prazas

Artigo 25. *Cadro de persoal de efectivos.*

1. O cadro do persoal do corpo da Garda Civil en situación de servizo activo axustarase aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. O Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de catro anos cada un, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas, excepto os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala cuxos efectivos serán os que resulten da provisión de prazas, a que se refire o número 2 do artigo seguinte.

O Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de desenvolvemento de cadro de persoal.

3. Cando se designe un oficial xeneral para ocupar un cargo no ámbito dos órganos centrais ou organismos autónomos dos ministerios de Defensa e do Interior, na Presidencia do Goberno ou noutros departamentos ministeriais, na Casa da Súa Maxestade o Rei, ou en organizacións internacionais ou outros organismos no estranxeiro, así como en misións para manter a paz e seguridade internacionais que comporten o cesamento no destino, aquel considerárase cadro de persoal adicional, salvo no caso de que estean especificamente asignados ao corpo da Garda Civil.

4. O nomeamento dun oficial xeneral para ocupar un posto de cadro de persoal adicional producirá vacante no regulamentario do corpo se previamente ocupou un destino dos expresamente asignados a este, que será amortizado unha vez que cesase no cargo coa primeira vacante que se produza no seu emprego. Poderá ascender ao emprego inmediato superior da súa escala se reúne as condicións para isto e de acordo co previsto no artigo 73.1.

5. Os excedentes que se poidan producir nos diferentes empregos e escalas amortizaranse non dando ao ascenso a primeira vacante que se produza nos empregos de oficiais xerais, e a primeira de cada tres, nos restantes empregos.

Artigo 26. *Provisión de prazas no corpo da Garda Civil.*

1. O Consello de Ministros aprobará a provisión anual de prazas en que se determinarán as correspondentes aos centros docentes de formación, especificando as cotas que correspondan aos distintos sistemas de acceso, axustándose aos créditos orzamentarios e ás previsións que sobre oferta de emprego público establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. A determinación da provisión anual de prazas do corpo farase mediante real decreto aprobado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e por iniciativa conxunta dos ministerios de Defensa e do Interior.

Artigo 27. *Xestión de postos de traballo.*

1. A Garda Civil desenvolve a súa organización de persoal a través dun catálogo de postos de traballo que comprende a denominación de cada un deles, a súa asignación a determinadas escalas, empregos e/ou requisitos de especialidade, aptitude ou titulación, a forma de asignación e as súas retribucións complementarias. Tamén figurarán aqueles postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal en reserva e, se for o caso, as limitacións que para a súa ocupación se poidan establecer.

2. Os gardas civís terán acceso á información contida no catálogo de postos de traballo na forma que se determine por orde do ministro do Interior.

#### TÍTULO IV

### Ensino na Garda Civil

#### CAPÍTULO I

### Disposicións de carácter xeral

Artigo 28. *Ensino na Garda Civil.*

1. O ensino na Garda Civil aséntase no respecto dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e fundaméntase no exercicio profesional na Garda Civil para o eficaz desempeño das funcións asignadas ao corpo. Ten como finalidades:

- a) A formación integral necesaria para quen aspira a ingresar no corpo.
- b) A capacitación profesional específica de quen se debe integrar en calquera das escalas do corpo.
- c) A capacitación para o desempeño dos labores dos empregos superiores respecto dos cales se estableza a necesidade de superar unha formación específica.
- d) A especialización necesaria para o desempeño daqueles postos de traballo ou para o exercicio daquelas actividades que requiran unha específica preparación.
- e) A permanente actualización dos seus coñecementos profesionais.

2. O ensino na Garda Civil configúrase como un sistema unitario que garante a continuidade do proceso formativo, que integra ensinanzas do Sistema educativo español e que é servido, na súa parte fundamental, pola súa propia estrutura docente. Inspírase nos principios e fins do dito sistema educativo, coas adaptacións debidas á condición de garda civil.

3. O ensino na Garda Civil estrutúrase en:

- a) Ensino de formación.
- b) Ensino de perfeccionamento.
- c) Altos estudos profesionais.

4. Co fin de asegurar a calidade do sistema, o ensino da Garda Civil estará sometido a un proceso continuado de avaliación, que tomará como referente as características e criterios dos procesos de avaliación do Sistema educativo español.

5. O Ministerio do Interior promoverá a colaboración con administracións educativas, universidades e institucións civís e militares, nacionais ou estranxeiras, para impartir determinadas ensinanzas ou cursos e para desenvolver programas de investigación, a través de concertos ou outro tipo de acordos. Igualmente, o Ministerio do Interior

promoverá a colaboración da Administración xeral do Estado, das institucións autonómicas e locais, das entidades culturais, sociais e empresariais co sistema de ensino da Garda Civil.

Artigo 29. *Ensino de formación.*

1. O ensino de formación ten como finalidade a capacitación profesional para a incorporación ás escalas do corpo da Garda Civil. Comprenderá a formación militar, a de corpo de seguridade e a técnica necesaria para o correcto desempeño dos labores asignados aos membros de cada escala e, se for o caso, a correspondente a un título do Sistema educativo español.

2. O ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais incluirá, ademais, o necesario para a obtención dun título de grao universitario.

3. O ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais tomará como referencia o nivel educativo da formación profesional de grao superior.

A obtención do primeiro emprego ao se incorporar á dita escala permitirá obter a equivalencia co título de técnico superior de formación profesional do Sistema educativo español e o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, polo procedemento que regulamentariamente se determine.

4. O ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas tomará como referencia o nivel educativo da formación profesional de grao medio. A obtención do primeiro emprego, ao se incorporar á dita escala, permitirá obter a equivalencia co título de técnico de formación profesional.

Artigo 30. *Ensino de perfeccionamento.*

O ensino de perfeccionamento ten as seguintes finalidades:

a) Capacitar o persoal do corpo da Garda Civil para o ascenso a aqueles empregos en que esta lei así o determine.

b) Especializar para o exercicio de actividades en áreas concretas de actuación profesional.

c) Ampliar ou actualizar os coñecementos e aptitudes requiridos para o exercicio da profesión.

Artigo 31. *Ensino de altos estudos profesionais.*

Considéranse altos estudos profesionais:

a) Os que, relacionados coa seguridade pública, permitan a obtención de títulos de posgrao e sexan considerados de interese para o corpo.

b) Cando así se determine, aqueles cursos especificamente orientados á formación dos gardas civís no exercicio de funcións directivas atribuídas ás categorías de oficiais xenerais e de oficiais, realizados na estrutura docente da Garda Civil ou na doutros corpos policiais, nacionais ou estranxeiros.

c) Aqueles que teñan o carácter de altos estudos da defensa nacional no ámbito das Forzas Armadas.

## CAPÍTULO II

### Acceso

Artigo 32. *Modalidades de acceso ao ensino de formación da Garda Civil.*

1. Os españois teñen dereito ao acceso ao ensino de formación da Garda Civil nos termos regulados neste capítulo, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e cos establecidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

2. Ao ensino de formación da Garda Civil poderase acceder, de acordo co regulado neste capítulo, polos seguintes sistemas:

- a) Por acceso directo.
- b) Por promoción profesional.

3. O acceso directo consiste na incorporación de quen non é integrante da Garda Civil ao ensino de formación correspondente para o ingreso nalgunha das escalas do corpo.

4. O acceso por promoción profesional dos gardas civís ao dito ensino poderase efectuar mediante as modalidades de promoción interna e de cambio de escala.

A promoción interna consiste no acceso ao ensino de formación que faculta para a incorporación á escala inmediata superior a aquela a que se pertence. O cambio de escala consiste no acceso ao ensino de formación que faculta para a incorporación á escala de oficiais daqueles membros das escalas de suboficiais e de cabos e gardas que estean en posesión dunha das titulacións universitarias oficiais que se determinen regulamentariamente. A Dirección Xeral da Garda Civil impulsará e facilitará os procesos que permitan a promoción profesional dos gardas civís.

#### Artigo 33. *Requisitos xerais para o ingreso nos centros docentes de formación.*

1. Con carácter xeral, para poder participar nos procesos selectivos e ingresar nos centros docentes de formación será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Non estar privado dos dereitos civís.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Non estar procesado ou ter aberto xuízo oral nalgún procedemento xudicial por delito doloso.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.
- f) Ter feitos os dezoito anos no ano da convocatoria.
- g) Non superar a idade de 40 anos para o acceso directo á escala de cabos e gardas e de 50 anos para a promoción profesional.
- h) Posuír a aptitude psicofísica que se determine.

Reglamentariamente determinaranse as titulacións ou, se for o caso, os créditos de ensinanzas universitarias, méritos valorables e demais requisitos e condicións que, con carácter específico, sexa necesario establecer para o acceso ao ensino de formación das diferentes escalas.

2. Superado o ensino de formación establecido nesta lei accederase á escala correspondente.

#### Artigo 34. *Requisitos de titulación.*

1. Para ingresar no centro docente de formación e no correspondente centro universitario co obxecto de acceder á escala de oficiais será necesario posuír, ademais dos requisitos xerais do artigo anterior, os exixidos para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, e superar, se for o caso, as probas que se establezan no sistema correspondente de selección. Para as prazas que se convoquen na modalidade de promoción interna, será requisito ter superados os créditos que se especifiquen da titulación de grao que se estableza.

No ensino a que se refire o punto anterior, e no número de prazas que se determine, tamén se poderá ingresar, por acceso directo ou por cambio de escala coas titulacións de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou posgrao universitario que para este efecto se establezan, tendo en conta as exixencias técnicas e profesionais do corpo da Garda Civil.

2. Para ingresar no centro docente de formación co obxecto de acceder á escala de suboficiais exixírase, ademais dos requisitos xerais do artigo 33, os requisitos de acceso requiridos no Sistema educativo español para acceder ás ensinanzas conducentes a ciclos formativos de grao superior.

3. Para ingresar nos centros docentes de formación para o acceso á escala de cabos e gardas exixírase, ademais dos requisitos xerais do artigo 33, os requisitos de acceso requiridos no Sistema educativo español para acceder ás ensinanzas conducentes a ciclos formativos de grao medio.

#### Artigo 35. *Sistemas de selección para ingreso nos centros docentes de formación.*

1. O ingreso nos centros docentes de formación efectuarase mediante convocatoria pública a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libres, nos cales se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais principios reitores de acceso ao emprego público.

O ingreso nos centros docentes de formación, por promoción interna ou por cambio de escala, efectuarase a través do sistema de concurso-oposición.

2. Na fase de oposición, as probas que hai que superar serán adecuadas ao nivel e características da ensino que se vai cursar e ao exercicio dos labores e facultades profesionais correspondentes. Así mesmo, terán como obxectivo facilitar a posterior integración dos aspirantes na Garda Civil e acreditar as aptitudes psicofísicas necesarias para cursar os respectivos plans de estudos.

3. Nos sistemas de selección non poderán existir máis diferenzas por razón de xénero que as derivadas das distintas condicións físicas que, se for o caso, se poidan considerar no cadro de condicións exixibles para o ingreso.

Regulamentariamente determinarase a forma en que as aspirantes realizarán as probas físicas nos casos de embarazo, parto ou posparto, asegurando, en todo caso, a súa protección.

4. Nos baremos que se establezan para os sistemas de concurso ou concurso-oposición valorarase o historial profesional dos gardas civís, na forma que se determine.

5. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. A pertenza aos ditos órganos será sempre a título individual, non se poderá desempeñar en representación ou por conta de ninguén.

O persoal de elección ou de designación política e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

6. Os órganos de selección non poderán propor o ingreso nos centros docentes de formación dun número superior ao de prazas convocadas. Non obstante, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes do seu ingreso ou, se for o caso, antes de finalizar o período de orientación e adaptación que se poida fixar na convocatoria, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como alumnos.

Alcanzada a data de ingreso nos centros docentes, segundo o establecido no parágrafo anterior, extínguese calquera outro dereito derivado do sistema selectivo.

#### Artigo 36. *Promoción profesional para o acceso á escala de oficiais.*

1. Ao sistema de promoción profesional reservarase unha porcentaxe de non menos do cincuenta e cinco por cento das prazas que se convoquen para o ingreso no ensino de formación con que se accede á escala de oficiais, que se distribuirán entre as modalidades de promoción interna e cambio de escala, de acordo co recollido nos números seguintes. Para estes efectos promoveranse accións que faciliten a obtención de ensinanzas universitarias.

2. Para poder acceder, na modalidade de promoción interna, ao ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais será necesario pertencer á escala de suboficiais,

ter cumpridos, ao menos, dous anos de tempo de servizos nela e cumprir, ademais, os requisitos establecidos nos artigos 33 e 34.

Para as prazas que se convoquen na dita modalidade exixírase ter superados os créditos de educación superior a que se refire o artigo 34.1.

3. Do total de prazas reservadas á promoción profesional para o acceso á escala de oficiais, até un 30 por cento convocaranse na modalidade de cambio de escala. A elas poderán acceder os suboficiais con, ao menos, dous anos de tempo de servizos na súa escala; os cabos maiores; así como os cabos primeiros con, ao menos, catro anos no emprego, e os cabos e gardas civís con, ao menos, sete anos de tempo de servizos na súa escala. Ademais, todos eles deberán cumprir os requisitos establecidos nos artigos 33 e 34.

*Artigo 37. Promoción profesional para o acceso á escala de suboficiais.*

A totalidade das prazas convocadas para o ingreso no ensino de formación con que se accede á escala de suboficiais reservarase, na modalidade de promoción interna, aos membros da escala de cabos e gardas, que leven, ao menos, dous anos de tempo de servizos na dita escala e cumpran, ademais, os requisitos establecidos nos artigos 33 e 34.

*Artigo 38. Alumnos de cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.*

1. Os gardas civís poderán realizar aqueles cursos que respondan ás exixencias dos perfís de carreira definidos para a súa escala.

2. A selección dos gardas civís para a súa participación en cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais farase mediante concurso ou concurso-oposición ou mediante avaliacións como as establecidas no artigo 70.1. Cando as necesidades do servizo o requiran poderanse designar asistentes de forma directa que deberán concorrer a eles con carácter obrigatorio.

A designación dos gardas civís a cursos de ampliación ou actualización de coñecementos e aptitudes farase de forma directa, atendendo ás necesidades da organización e tendo en conta as cualificacións do persoal.

### CAPÍTULO III

#### **Centros docentes e Centro Universitario da Garda Civil**

*Artigo 39. Centros docentes.*

1. Centro docente da Garda Civil é o centro pertencente á súa estrutura docente cuxa finalidade principal é impartir algún ou algúns dos tipos de ensino recollidos no artigo 28.3; reciben, xenericamente, os nomes de centros docentes de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

2. A competencia para crear centros docentes de formación da Garda Civil corresponde ao Goberno. Cando se trate de centros de perfeccionamento e de altos estudos profesionais a competencia corresponderá ao ministro de Defensa ou ao ministro do Interior, segundo a natureza da materia, tendo en conta o informe do outro ministerio.

3. O mando, a dirección e o goberno dos centros docentes da Garda Civil exerceos o seu director, que será un membro da Garda Civil. Desempeña a máxima autoridade do centro, a súa representación e informa e efectúa a proposta de designación de profesores.

*Artigo 40. Centros docentes de formación.*

1. O ensino de formación impartirase en academias pertencentes á estrutura docente da Garda Civil e os sistemas e modalidades de acceso regúlanse no capítulo II deste título. Os ditos centros serán responsables do ensino de formación militar, de corpo de seguridade e técnica que corresponda.

2. O ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais impartirase na Academia de Oficiais da Garda Civil.



Os que ingresen neste ensino polo sistema de acceso directo sen titulación universitaria previa cursarán o período inicial que se determine na Academia Xeral Militar do Exército de Terra, polo que o número de prazas, requisitos e probas para o ingreso, así como o réxime dos alumnos se rexerán polo establecido na súa normativa específica para os membros das escalas de oficiais dos corpos xerais das Forzas Armadas.

Para quen acceda ás ditas ensinanzas con titulación previa universitaria ou, con existencia previa de determinados créditos da educación superior, segundo o previsto nos artigos 32.4, parágrafo segundo, 33.1, parágrafo segundo, 34.1 e 36.2, parágrafo segundo, regulamentariamente determinaranse os períodos e os centros docentes en que se impartirá o ensino de formación.

#### Artigo 41. *Centro Universitario da Garda Civil.*

1. Coa finalidade de impartir as ensinanzas correspondentes ao título de grao universitario do Sistema universitario español a que fai referencia o artigo 29, existirá un Centro Universitario da Garda Civil, adscrito a unha ou varias universidades públicas, conforme o previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. A titularidade do citado centro, situado na Academia de Oficiais da Garda Civil, corresponderá ao Ministerio do Interior.

O Centro Universitario da Garda Civil rexerá pola lei orgánica antes mencionada, por esta lei e polos correspondentes convenios de adscrición, que terán en conta as peculiaridades da carreira profesional dos gardas civís. Contará con personalidade xurídica propia e con orzamento propio financiado con cargo ao do Ministerio do Interior.

2. Os títulos de grao universitario que se poidan obter serán os que se acorden no marco do convenio de adscrición correspondente que, en todo caso, terá en conta as exigencias do exercicio profesional dos membros da Garda Civil.

3. No centro universitario poderanse impartir tamén estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais de posgrao e definiranse e desenvolveranse liñas de investigación consideradas de interese para a seguridade pública, colaborando con outras entidades e organismos de ensino e investigación. Así mesmo, para facilitar o desenvolvemento e promoción profesional dos gardas civís, promoveranse accións de formación que lles faciliten a obtención de títulos de grao.

#### Artigo 42. *Réxime interior dos centros docentes.*

1. A regulación do réxime interior dos centros docentes terá os seguintes obxectivos:

a) Facilitar o desenvolvemento dos plans de estudos de tal forma que estes se axusten ás finalidades sinaladas no artigo 44.

b) Combinar a adaptación do alumno ás características propias da Garda Civil, derivadas da súa pertenza ás forzas e corpos de seguridade e da súa natureza militar, coa súa adecuada integración na sociedade.

c) Contribuír á formación integral do alumno, así como ao coñecemento e exercicio dos seus dereitos e deberes e fomentar a súa propia iniciativa.

d) Integrar as relacións de disciplina militar coas propias entre profesores e alumnos que derivan do proceso de formación.

2. A regulación do réxime interior dos centros de formación terá en conta que se deben compatibilizar as exigencias da formación militar, de corpo de seguridade e, se for o caso, técnica, coas requiridas para a obtención das titulacións correspondentes do Sistema educativo español.

3. Para a corrección das infraccións disciplinarias cometidas polos alumnos de ensino de formación será de aplicación o réxime disciplinario do corpo. A inobservancia das normas de carácter académico será corrixida de acordo co que se determine no réxime interior dos centros docentes de formación da Garda Civil.

4. As normas xerais de réxime interior dos centros docentes da Garda Civil serán aprobadas polo director xeral da Garda Civil.

Artigo 43. *Centros docentes de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.*

O ensino de perfeccionamento e o de altos estudos profesionais impartirase na estrutura docente da Garda Civil ou, se for o caso, na dos ministerios de Defensa e do Interior, das administracións públicas ou doutras institucións, nacionais ou estranxeiras, cando así se determine.

#### CAPÍTULO IV

##### Plans de estudos

Artigo 44. *Plans de estudos no ensino de formación.*

Os plans de estudos correspondentes ao ensino de formación axustaranse ás seguintes finalidades:

- a) Coñecer e asumir os principios e valores constitucionais, tendo en conta a pluralidade cultural de España, e o respecto á igualdade de dereitos fundamentais e liberdades públicas e, en particular, o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou ideoloxía, orientación ou identidade sexual, idade, discapacidade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social e o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- b) Promover os valores e código de conduta da Garda Civil.
- c) Garantir a formación integral e o pleno desenvolvemento da personalidade.
- d) Proporcionar a formación requirida para o exercicio profesional en cada escala.
- e) Facilitar, se for o caso, a obtención de títulos do Sistema educativo español.

Artigo 45. *Aprobación dos plans de estudos.*

1. O Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior e logo de informe favorable do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, determinará as directrices xerais dos plans de estudos que se deban cursar para permitir a obtención das equivalencias aos títulos de técnico e técnico superior correspondentes ás ensinanzas recollidas no artigo 29.

2. Aos ministros de Defensa e do Interior correspóndelles, conxuntamente, a aprobación dos plans de estudos das ensinanzas de formación para o acceso ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas, así como a da formación militar, de corpo de seguridade e técnica da de oficiais. Así mesmo, determinarán as titulacións de grao que se deban cursar no ensino da Garda Civil para o acceso á escala de oficiais, tendo en conta a definición das capacidades e o deseño de perfís para o exercicio profesional.

Os plans de estudos para a obtención dos ditos títulos oficiais universitarios aprobaranse e implantaranse conforme a normativa específica do Sistema universitario español.

Artigo 46. *Titulacións, recoñecementos e validacións.*

1. Poderase efectuar recoñecemento de formación de disciplinas ou grupo delas similares en créditos e contidos, cursadas no Sistema educativo español, nas Forzas Armadas, ou en centros docentes doutros corpos policiais e as cursadas no ensino da Garda Civil, segundo se determine regulamentariamente.

2. Aos membros da Garda Civil expediránelles aqueles diplomas ou certificacións que acrediten os cursos superados, as actividades desenvolvidas e as especialidades adquiridas. Poderán obter as validacións, homologacións, recoñecementos e equivalencias vixentes con títulos oficiais do Sistema educativo español de conformidade coa regulación regulamentaria que se estableza.

## CAPÍTULO V

**Réxime do alumnado e do profesorado**

Artigo 47. *Condición de alumno e réxime dos alumnos do ensino de formación.*

1. Ao facer a súa presentación, aqueles que ingresen nos centros docentes de formación da Garda Civil asinarán un documento de incorporación á Garda Civil, segundo o modelo aprobado polo Ministerio de Defensa logo de informe do Ministerio do Interior, salvo aqueles que xa pertencen ao dito corpo, e serán nomeados alumnos.

2. Os alumnos estarán suxeitos ao réxime do centro en que cursen as súas ensinanzas, sen prexuízo do establecido para o Centro Universitario da Garda Civil no correspondente convenio de adscrición, que, en todo caso, terá en conta a súa condición militar.

3. Os alumnos que previamente tivesen un emprego militar no corpo da Garda Civil conservarán os dereitos administrativos inherentes a este, ben que estarán sometidos ao mesmo réxime que o resto dos alumnos.

Ao ingresaren nos centros docentes de formación permanecerán ou pasarán á situación de activo, salvo que o ingreso fose por acceso directo, caso en que pasarán á situación de excedencia voluntaria.

4. As normas de provisión de destinos poderán regular as consecuencias que nesta materia deriven da condición de alumno dun centro docente.

5. Ao seren nomeados alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil concederáselles, con carácter eventual, e para os efectos académicos, de prácticas e retributivos que regulamentariamente se determinen, os empregos de alférez, sarxento e garda civil, coas denominacións específicas que se establezan, e quedarán suxeitos ao réxime interior dos centros docentes, así como ao réxime de dereitos e deberes de carácter xeral do persoal do corpo e ao seu réxime disciplinario.

Artigo 48. *Perda da condición de alumno.*

1. Poderase acordar a baixa dun alumno do ensino de formación polos seguintes motivos:

a) Por petición propia. Neste caso, o ministro do Interior determinará os supostos en que se deba resarcir economicamente o Estado e establecerá as cantidades, tendo en conta o custo da formación recibida na estrutura docente da Garda Civil ou, se for o caso, na das Forzas Armadas, sempre que esta sexa superior a dous anos.

b) Por insuficiencia das condicións psicofísicas que para os alumnos se establecesen.

c) Por non superar, dentro dos prazos fixados, as probas e materias previstas nos plans de estudos correspondentes.

d) Por carencia das calidades profesionais en relación cos principios, valores e código de conduta a que se refire o artigo 44, letras a) e b), acreditadas coa obtención, en dúas ocasións, dunha cualificación negativa nas avaliacións periódicas que para este efecto se realicen, de acordo co procedemento que se estableza nas normas de réxime interior dos centros docentes de formación.

e) Por imposición de sanción disciplinaria por falta grave ou moi grave de acordo co disposto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.

f) Por sentenza condenatoria por delito doloso, tendo en consideración o tipo de delito e a pena imposta, logo da tramitación dun expediente administrativo con audiencia do interesado.

g) Por perda da nacionalidade española.

h) Por incumprimento, en contra do declarado polo interesado ou perda despois da declaración, das condicións que establece o artigo 33 para optar á convocatoria para o ingreso no correspondente centro docente de formación.

O inicio dalgún dos expedientes polas causas mencionadas nas letras b) e e) deixará en suspenso a condición de alumno até a súa resolución e, en consecuencia, o emprego que con carácter eventual se lle poida ter concedido, así como os efectos económicos que del derivan.

O ministro do Interior determinará os cadros de condicións psicofísicas para os efectos previstos na letra b) deste número.

2. Ao causaren baixa, os alumnos perderán a condición militar, salvo que a tivesen antes de ser nomeados alumnos, e o emprego militar que puidesen ter alcanzado con carácter eventual. Se for o caso, tamén causarán baixa no Centro Universitario da Garda Civil.

#### Artigo 49. *Réxime de avaliacións e cualificacións.*

1. Os centros docentes de formación verificarán os coñecementos adquiridos polos seus alumnos, o desenvolvemento da súa formación e o seu rendemento, e efectuarán as correspondentes avaliacións e cualificacións de acordo con criterios obxectivos.

As avaliacións e cualificacións serven de base para orientar os alumnos sobre o seu rendemento escolar e aptitude para o servizo, valorar a súa capacidade, determinar se superan as probas previstas nos plans de estudos e clasificalos con obxecto de determinar a súa orde de ingreso no escalafón correspondente.

2. Regulamentariamente establecerase un sistema, baseado en criterios obxectivos, para integrar nunha única clasificación final os que de diversas procedencias se incorporen a unha escala no primeiro emprego.

#### Artigo 50. *Réxime dos alumnos asistentes a cursos de perfeccionamento e altos estudos profesionais.*

1. Os gardas civís que asistan a cursos de perfeccionamento e altos estudos profesionais, durante a súa asistencia a eles, permanecerán ou pasarán á situación de servizo activo.

A convocatoria correspondente regulará se conservan ou causan baixa no destino de orixe, de acordo coas normas xerais de provisión de destinos.

2. Ás mulleres facilitaráselles, na forma que se estableza regulamentariamente, novas oportunidades de asistir aos citados cursos cando por situacións de embarazo, parto ou posparto non poidan concorrer ás probas de selección ou ao desenvolvemento do curso.

3. Aos gardas civís que se incorporasen ao servizo activo procedentes da excedencia por coidado de familiares ou violencia de xénero outorgaráselles preferencia, durante un ano, na adxudicación de prazas para participar nas actividades formativas de actualización ou ampliación de coñecementos.

#### Artigo 51. *Profesorado.*

1. Os cadros de profesores dos centros docentes da estrutura da Garda Civil estarán constituídos xeralmente por persoal do corpo destinado neles.

Poderán ser profesores os integrantes de calquera escala, de acordo cos requisitos e titulación requiridos para cada departamento ou sección departamental específica.

Determinadas materias poderán ser impartidas por militares de carreira das Forzas Armadas, membros doutros corpos policiais ou funcionarios civís con coñecemento e experiencia acreditados nas áreas que se determinen.

2. Para o exercicio como profesor é preciso o recoñecemento da súa competencia, baseada na titulación, preparación, experiencia profesional e aptitude pedagóxica.

3. Os ministros de Defensa e do Interior fixarán conxuntamente os requisitos xerais do profesorado dos centros da estrutura docente da Garda Civil e as condicións do seu exercicio.

4. Nos centros docentes de formación de oficiais existirá profesorado pertencente á Garda Civil para impartir a formación militar de carácter xeral e a de corpo de seguridade ou técnica, e para desenvolver tarefas de titoría e apoio en colaboración co cadro de profesores dos centros universitarios da Defensa e da Garda Civil.

5. O ensino de grao universitario no Centro Universitario da Garda Civil impartirano profesores que contén coa capacitación adecuada, de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e cos correspondentes convenios de adscrición.

## TÍTULO V

### Carreira profesional

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 52. *Carreira profesional.*

A carreira profesional no corpo da Garda Civil queda definida polo ascenso aos sucesivos empregos, a ocupación de diferentes destinos e a progresiva capacitación para asumir postos de maior responsabilidade, combinando formación e experiencia profesional no desempeño dos labores do corpo e no exercicio das facultades da súa escala.

#### CAPÍTULO II

##### Historial profesional

#### Artigo 53. *Historial profesional.*

1. As vicisitudes profesionais do garda civil quedarán reflectidas no seu historial profesional individual, de uso confidencial, que constará dos seguintes documentos:

- a) Folla de servizos.
- b) Colección de informes persoais.
- c) Expediente académico.
- d) Expediente de aptitude psicofísica.

2. No historial profesional non figurará ningún dato relativo a orixe racial ou étnica, relixión ou ideoloxía, orientación ou identidade sexual, ou a calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que poida constituir causa de discriminación.

3. Os ministros de Defensa e do Interior establecerán conxuntamente as características dos documentos que compoñen o historial profesional e ditarán as normas para a súa elaboración, custodia e utilización, asegurando a súa confidencialidade.

#### Artigo 54. *Folla de servizos.*

1. A folla de servizos é o documento obxectivo, en soporte informático, no cal se expoñen os feitos e circunstancias de cada garda civil desde a súa incorporación ao corpo. Inclúe os ascensos, destinos, a descrición dos feitos notables e actos meritorios, as recompensas e felicitacións persoais ou colectivas, as situacións administrativas, así como os delitos ou faltas e as penas ou sancións correspondentes que non fosen canceladas.

2. A cancelación dunha anotación de sanción por falta grave ou moi grave, de acordo co establecido na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, producirá o efecto de anular a inscrición na folla de servizos sen que se poida certificar sobre ela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para isto para os exclusivos efectos das

clasificacións regulamentarias e da concesión de recompensas. A posibilidade de certificar as anotacións xa canceladas estenderase ás penas impostas en calquera xurisdición.

3. As faltas disciplinarias leves e as de carácter académico dos alumnos do ensino de formación por acceso directo quedarán canceladas ao incorporárense á escala correspondente e non figurarán na folla de servizos do interesado, sen que se poida certificar sobre elas.

#### Artigo 55. *Informes persoais.*

1. O informe persoal de cualificación é a valoración obxectiva e imparcial duns conceptos predeterminados que permitan apreciar as calidades, méritos, aptitudes, competencia e o desempeño profesional dos gardas civís.

2. Os ministros de Defensa e do Interior, por proposta do director xeral da Garda Civil, determinarán conxuntamente o sistema xeral dos informes persoais de cualificación, os procedementos de realización e de alegacións de que disporán os gardas civís, a periodicidade e o nivel xerárquico dos que deben realizalos, que recibirán a instrución adecuada. O sistema xeral será común para todos os gardas civís sen prexuízo de que se poidan establecer modelos específicos de informes persoais segundo o emprego e a escala de pertenza.

#### Artigo 56. *Expediente académico.*

No expediente académico constarán as cualificacións académicas, certificacións e acreditacións dos títulos obtidos e estudos realizados no sistema de ensino da Garda Civil, os títulos ou estudos do Sistema educativo español, os declarados equivalentes ou homologados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e aqueles títulos ou certificados de estudos profesionais expedidos polos órganos competentes das administracións públicas.

#### Artigo 57. *Expediente de aptitude psicofísica.*

No expediente de aptitude psicofísica figurarán os resultados dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas que se realicen, co contido e periodicidade que se estableza regulamentariamente segundo o emprego, escala, idade e circunstancias persoais. Estes recoñecementos e probas poderanse realizar en calquera momento por iniciativa fundamentada do propio interesado ou do xefe da súa unidade, centro ou organismo, que será documentada por escrito e encabezarán o correspondente expediente. Tamén figurarán todos aqueles que se realicen con obxecto de determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para os efectos establecidos na presente lei.

Os recoñecementos e probas poderán comprender análises e comprobacións con carácter obrigatorio, encamiñados a detectar os estados de intoxicación etílica e o consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

Os resultados dos recoñecementos médicos e probas psicolóxicas quedarán salvagardados polo grao de confidencialidade que a lexislación en materia sanitaria lles atribúa.

#### Artigo 58. *Rexistro de persoal.*

1. Na Dirección Xeral da Garda Civil existirá un rexistro de persoal en que estarán inscritos todos os membros do corpo e no cal se anotarán os datos administrativos do seu historial profesional.

2. O ministro do Interior establecerá as normas xerais reguladoras do Rexistro de Persoal e do seu funcionamento.



## CAPÍTULO III

**Avaliacións**Artigo 59. *Finalidade.*

Os gardas civís serán avaliados para determinar:

- a) A aptitude para o ascenso ao emprego superior.
- b) A selección dun número limitado de asistentes aos cursos en que así se estableza.
- c) A insuficiencia de facultades profesionais.
- d) A insuficiencia de condicións psicofísicas.

Artigo 60. *Normas xerais.*

En cada avaliación analizaranse as circunstancias dos interesados nos aspectos da súa personalidade, aptitudes, condicións psicofísicas, competencia e actuación no exercicio da súa profesión, relacionados co obxecto desta, considerando a seguinte documentación:

- a) O historial profesional.
- b) A información complementaria achegada polo interesado por iniciativa propia sobre a súa actuación profesional, que sexa de interese e poida non estar reflectida no seu historial profesional.
- c) As certificacións a que se refire a Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.
- d) Calquera outro informe complementario que considere oportuno o órgano de avaliación.

Artigo 61. *Órganos de avaliación.*

1. As avaliacións que se definen nesta lei serán realizadas, de acordo co previsto nela, polo Consello Superior da Garda Civil ou polas xuntas de avaliación que se constitúan.

2. Regulamentariamente determinaranse a composición, incompatibilidades e normas de funcionamento dos órganos de avaliación, adecuándose, sempre que sexa posible, ao principio de composición equilibrada nos termos definidos na lexislación vixente para a igualdade efectiva de mulleres e homes. En todo caso, estarán constituídos por persoal do corpo da Garda Civil de maior emprego que os avaliados.

3. Conxuntamente os ministros de Defensa e do Interior, por proposta do director xeral da Garda Civil, determinarán, con carácter xeral, os méritos e aptitudes que deben considerar os órganos de avaliación de acordo coa finalidade desta, así como os procedementos e as normas obxectivas de valoración. As ditas normas obxectivas conterán a valoración dos destinos, especialidades, títulos e informes persoais, así como de cantas outras vicisitudes profesionais reflectidas no historial dos avaliados que identifican a súa traxectoria profesional.

## CAPÍTULO IV

**Réxime de ascensos**Artigo 62. *Normas xerais.*

1. O réxime de ascensos ten como finalidade asegurar que a Garda Civil dispoña, nos distintos empregos, dos profesionais coas competencias e experiencia adecuadas, para conseguir a súa máxima efectividade, proporcionando oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional aos seus membros. Debe potenciar o mérito e a capacidade e incentivar a preparación e dedicación profesional dos gardas civís.

2. Os ascensos dos gardas civís produciranse ao emprego inmediato superior, con ocasión de vacante na escala correspondente, sempre que se reúnan as condicións establecidas nesta lei e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade de oportunidades, mérito e capacidade, a que se refire o artigo 6.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

#### Artigo 63. *Sistemas de ascenso.*

1. Os sistemas de ascenso son os seguintes:

- a) Antigüidade.
- b) Concurso-oposición.
- c) Clasificación.
- d) Elección.

2. Os ascensos polo sistema de antigüidade efectuaranse segundo a orde de escalafón.

3. Os ascensos polo sistema de concurso-oposición efectuaranse segundo a orde resultante no proceso selectivo e no correspondente curso de capacitación, segundo o procedemento que se determine regulamentariamente.

4. No sistema por clasificación, o ascenso producirase pola orde derivada dun proceso de avaliación.

5. O ascenso polo sistema de elección concederáse entre os do emprego inmediato inferior máis capacitados e idóneos para acceder ao emprego superior.

#### Artigo 64. *Ascenso aos diferentes empregos.*

1. Efectuaranse polo sistema de antigüidade os ascensos aos empregos de capitán, sarxento primeiro e cabo primeiro.

2. Efectuaranse polo sistema de concurso-oposición os ascensos ao emprego de cabo. O ascenso a este emprego outorgará a aptitude para o ascenso ao de cabo primeiro, salvo que sobreviñese algunha circunstancia que aconselle avaliar a dita aptitude.

3. Efectuaranse polo sistema de clasificación os ascensos aos empregos de tenente coronel, comandante, subtenente e brigada.

4. Efectuaranse polo sistema de elección os ascensos aos da categoría de oficiais xenerais, a coronel, suboficial maior e cabo maior.

#### Artigo 65. *Condicións para o ascenso.*

1. Para o ascenso a calquera emprego é preceptivo ter cumprido no emprego inferior o tempo mínimo que se determine regulamentariamente. Para estes efectos enténdese como tempo de servizos o transcorrido na situación de servizo activo e nas demais situacións administrativas reguladas no capítulo VI deste título en que así se especifica.

2. Para o ascenso aos empregos de xeneral de brigada, comandante, suboficial maior e cabo maior será preceptivo, ademais, ter superado os cursos de capacitación que se determinen.

3. Para asistir aos cursos de capacitación a que se refire o número anterior serán seleccionados un número limitado de concorrentes mediante o sistema de avaliación regulado no artigo 70 e segundo as normas obxectivas de valoración do artigo 61.3.

4. Para o ascenso a calquera emprego, até o de xeneral de brigada inclusive, é condición indispensable ter sido avaliado da forma regulada neste capítulo e segundo as normas obxectivas de valoración dos artigos seguintes.

5. O ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, poderá determinar o número máximo de ciclos en que se pode ser avaliado para o ascenso por elección ou por clasificación para cada emprego e escala.

6. Ás mulleres daráselles especial protección en situacións de embarazo, parto e posparto para cumprir as condicións para o ascenso a todos os empregos da Garda Civil.

*Artigo 66. Avaliacións para o ascenso.*

1. As avaliacións para o ascenso teñen por obxecto determinar a aptitude ou a non aptitude para el e, se for o caso, as condicións de idoneidade e prelación, baseadas no mérito e a capacidade, que darán orixe ás correspondentes clasificacións dos avaliados. Realizaranse periodicamente e afectarán os gardas civís que se encontren nas zonas de escalafón que se determinen de conformidade cos artigos seguintes.

2. O director xeral da Garda Civil, tendo en conta a natureza e a gravidade dos feitos que motivaron a incoación dun procedemento penal ou disciplinario contra un garda civil, poderá acordar a exclusión temporal da súa avaliación para o ascenso ou que quede en suspenso unha declaración de aptitude xa efectuada até que sexa firme en vía penal ou disciplinaria a resolución que naqueles procedementos se dite. Producida a avaliación e, se for o caso, o correspondente ascenso, recoñeceranse os seus efectos desde a data anterior en que realmente lle correspondese.

3. Nos ascensos por elección e clasificación as avaliacións producirán efecto durante un ciclo de ascensos, e no de antigüidade até que se conceda o ascenso correspondente, a non ser, en calquera dos sistemas de ascenso, que sobreviñer algunha circunstancia que aconselle avaliar de novo o afectado.

A duración normal dos ciclos de avaliación para os ascensos por elección e clasificación será dun ano. O ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, poderá modificar a dita duración cando circunstancias especiais así o aconsellen.

4. Unha vez establecidas as zonas de escalafón para o ascenso, abrirase un prazo para que aqueles interesados que o desexen poidan solicitar a súa exclusión da avaliación até en catro ocasións. Os que renuncien a ser avaliados para o ascenso a un mesmo emprego nunha quinta ocasión permanecerán no seu emprego até o seu pase á situación de reserva.

*Artigo 67. Avaliacións para o ascenso por elección.*

1. Serán avaliados para o ascenso por elección aos empregos de xeneral de brigada, de coronel da escala de oficiais, de suboficial maior e de cabo maior todos os do emprego inmediato inferior que reúnan ou poidan reunir, durante o ciclo de ascensos, as condicións establecidas no artigo 65 e que se encontren nas zonas do escalafón que para cada emprego determine o director xeral da Garda Civil.

Por orde do ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, establecerase para cada período de vixencia do cadro de persoal a que se refire o número 2 do artigo 25 o máximo e o mínimo da relación entre o número de avaliados de cada ciclo e o de vacantes previstas, concretándoas para cada emprego.

2. A avaliación especificará as condicións de prelación e idoneidade para o desempeño dos destinos do emprego superior de todos os avaliados.

As avaliacións para o ascenso por elección aos empregos de xeneral de brigada e de coronel serán realizadas polo Consello Superior da Garda Civil e elevadas ao ministro de Defensa polo director xeral da Garda Civil, quen engadirá o seu propio informe para os efectos previstos no artigo 73, números 1 e 2.

As avaliacións para os ascensos aos empregos de suboficial maior e de cabo maior serán realizadas por xuntas de avaliación e, unha vez que Consello Superior da Garda Civil emita informe sobre elas, elevadas ao director xeral da Garda Civil, quen engadirá o seu propio informe e propondrá ao ministro de Defensa, para a súa aprobación, a ordenación definitiva para o ascenso para os efectos previstos no artigo 73.2.

*Artigo 68. Avaliacións para o ascenso por clasificación.*

1. Serán avaliados para o ascenso polo sistema de clasificación, pola correspondente xunta de avaliación, aqueles que reúnan ou poidan reunir, antes do inicio do ciclo de ascensos, as condicións establecidas no artigo 65 e se encontren nas zonas de escalafón que para cada emprego e escala determine o director xeral da Garda Civil.

Por orde do ministro de Defensa, logo de informe do director xeral da Garda Civil, establecerase para cada período de vixencia do cadro de persoal a que se refire o artigo 25.2 o máximo e o mínimo da relación entre o número de avaliados en cada ciclo e o de vacantes previstas, concretándoas para cada emprego.

2. A avaliación especificará a aptitude ou, motivándoa, a non aptitude dos avaliados para o ascenso, e analizará as condicións de prelación e idoneidade en canto ás facultades e capacidades profesionais requiridas para o desempeño dos destinos do emprego superior que determinarán a clasificación dos avaliados.

Unha vez que o Consello Superior da Garda Civil emita informe sobre a avaliación, será elevada ao director xeral da Garda Civil, quen tendo en conta, ademais, a súa propia valoración, declarará en primeiro termo a aptitude ou non aptitude dos avaliados para o ascenso e aprobará a súa orde de clasificación.

*Artigo 69. Avaliacións para o ascenso por antigüidade.*

1. As correspondentes xuntas de avaliación avaliarán para o ascenso polo sistema de antigüidade aqueles que reúnan ou poidan reunir, antes de que se produza a vacante que poida dar orixe ao ascenso, as condicións establecidas no artigo 63 e se encontren na zona do escalafón que para cada emprego e escala determine o director xeral da Garda Civil.

O número de avaliados será aquel que permita cubrir as vacantes previstas.

2. A avaliación especificará a aptitude ou, motivándoa, a non aptitude dos avaliados para o ascenso.

Unha vez efectuada a avaliación será elevada ao director xeral da Garda Civil, quen declarará a aptitude ou non aptitude dos avaliados para o ascenso. A declaración de aptitude para o ascenso terá validez até que se produza o ascenso, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 66. Os declarados non aptos volverán ser avaliados na seguinte avaliación que corresponda aos do seu emprego.

3. O ascenso ao emprego de cabo, de acordo co previsto no artigo 71, outorgará a aptitude para o ascenso ao de cabo primeiro, salvo que sobreviñer algunha circunstancia que aconselle avaliar a dita aptitude, o que se efectuará de acordo co previsto no número 2 deste artigo.

*Artigo 70. Avaliacións para asistir a determinados cursos de capacitación para o ascenso.*

1. Existirán avaliacións para seleccionar os asistentes aos cursos de capacitación, establecidos no artigo 65.2, no número que fixe o director xeral da Garda Civil. A designación daqueles que deban entrar en avaliación e dos que asistirán aos citados cursos corresponderá ao director xeral, logo de informe do Consello Superior da Garda Civil.

O Consello Superior da Garda Civil será competente para realizar a avaliación para seleccionar os asistentes ao curso de capacitación para o ascenso ao emprego de xeneral de brigada.

2. No caso da selección para asistir ao curso de capacitación que é requisito para o ascenso ao emprego de comandante, serán avaliados aqueles que superasen previamente as probas que regulamentariamente se determinen.

O director xeral da Garda Civil determinará a zona do escalafón daqueles que poderán, logo de solicitude, concorrer ás ditas probas.

A designación dos asistentes ao curso de capacitación, cuxo número non poderá ser superior ao de prazas convocadas, efectuarase seguindo a orde resultante da avaliación que se efectúe. Na dita avaliación teranse en conta a puntuación obtida nas probas realizadas e os méritos que regulamentariamente se determinen, cuxa incidencia non deberá ser superior a un 30 por cento da puntuación máxima alcanzable naquelas probas.

Aqueles que, tendo superado as probas recollidas nos parágrafos anteriores, non sexan designados alumnos ao curso como consecuencia do número limitado de prazas convocadas, volverán ser avaliados nas seguintes convocatorias.

3. Unha vez que se determine aqueles que serán avaliados para asistir aos cursos de capacitación, de conformidade co establecido nos números anteriores, abrirase un prazo para que aqueles interesados que o desexen poidan solicitar a súa exclusión dela até en tres ocasións. Aqueles que solicitasen a súa exclusión nunha cuarta ocasión non volverán ser incluídos en avaliacións posteriores.

#### Artigo 71. *Ascenso ao emprego de cabo.*

1. O ascenso ao emprego de cabo producirase polo sistema de concurso-oposición e será requisito a superación dun curso de capacitación. As prazas ofertaranse con carácter xeral e a elas poderán optar os gardas civís con, ao menos, dous anos de tempo de servizos no corpo.

2. O director xeral da Garda Civil aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ao concurso-oposición e ao curso de capacitación.

3. O ascenso ao emprego de cabo producirase con ocasión de vacante, tendo en conta a orde resultante das puntuacións obtidas no concurso-oposición e no curso de capacitación.

4. A obtención do nomeamento de cabo, sempre que os interesados estean en posesión do título de bacharel ou equivalente, permitirá obter a equivalencia co título de técnico superior correspondente á formación profesional do Sistema educativo español, para efectos académicos e de acceso directo ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

#### Artigo 72. *Vacantes para o ascenso.*

1. Daranse ao ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos de cada escala por algún dos seguintes motivos:

- a) Ascenso.
- b) Incorporación a outra escala.
- c) Pase ás situacións administrativas en que se teña a condición de garda civil en suspenso e á de suspensión de emprego.
- d) Pase á situación de reserva ou a retiro, no caso de que se faga desde as situacións administrativas non recollidas no parágrafo anterior.
- e) Perda da condición de garda civil.
- f) Ao cesar o prisioneiro ou desaparecido na situación de servizo activo.
- g) Falecemento ou declaración de falecido.
- h) Designación dun membro do corpo para ocupar un posto de traballo nun cadro de persoal adicional, de acordo co artigo 25.

2. Cando se produza unha vacante, considerarase como data desta a do día que produza efectos o acto administrativo que a ocasionou. Cando a dita vacante dea lugar a ascensos nos empregos inferiores, a data de antigüidade con que se conferirán os novos empregos será a mesma para todos eles e determinarase segundo o establecido no artigo 21.2.

#### Artigo 73. *Concesión dos ascensos.*

1. Os ascensos aos empregos da categoría de oficiais xenerais concederanse por real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa,

quen para efectualo oirá o ministro do Interior. Nos ascensos ao emprego de xeneral de brigada, ademais, valoraranse as avaliacións reguladas no artigo 67, e terase en conta a idoneidade para ocupar os cargos ou postos vacantes a que deban acceder os ascendidos.

2. A concesión do ascenso ao emprego de coronel, a suboficial maior e a cabo maior é competencia do ministro de Defensa, por proposta do director xeral da Garda Civil, de acordo co previsto no artigo 67.

3. Os ascensos polos sistemas de clasificación, antigüidade e concurso-oposición serán concedidos polo director xeral da Garda Civil.

Artigo 74. *Declaración de non aptitude para o ascenso.*

1. A declaración de non aptitude para o ascenso do garda civil, baseada nas avaliacións reguladas nos artigos anteriores, é competencia do director xeral da Garda Civil. Aqueles que sexan declarados non aptos para o ascenso non poderán ascender até que sexan novamente avaliados e declarados aptos.

2. Se un garda civil é declarado non apto máis de dúas veces na avaliación para o ascenso ao mesmo emprego, o director xeral elevará proposta ao ministro de Defensa quen, se procede, declarará o afectado non apto para o ascenso con carácter definitivo.

3. Aqueles que sexan declarados con carácter definitivo non aptos para o ascenso permanecerán no seu emprego até o seu pase á situación de reserva e non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego salvo que da resolución que se adopte no expediente regulado no artigo 99 derive o pase a retiro.

## CAPÍTULO V

### Destinos

Artigo 75. *Principios xerais.*

1. Os gardas civís poderán ocupar destino nas unidades, centros e organismos da Garda Civil incluídos no correspondente catálogo de postos de traballo e naqueles especificamente asignados nos ministerios de Defensa e do Interior, así como nos seus órganos directivos, no seu centro universitario e, no caso de que se trate de postos orgánicos relacionados co desempeño das súas funcións, en organizacións internacionais, na Presidencia do Goberno ou noutros departamentos ministeriais. Tamén terá consideración de destino a participación en misións para manter a paz e seguridade internacionais, se non a tivese ou cesase no de orixe.

2. Os destinos do persoal do corpo da Garda Civil proveranse conforme os principios de mérito, capacidade e antigüidade.

Artigo 76. *Persoal do corpo da Garda Civil na Casa da Súa Maxestade o Rei.*

Os gardas civís que pasen a prestar servizos na Casa da Súa Maxestade o Rei serán nomeados e relevados conforme o previsto no artigo 65.2 da Constitución.

Artigo 77. *Clasificación dos destinos.*

1. Os destinos, segundo a súa forma de asignación, son de libre designación, de concurso de méritos ou de provisión por antigüidade.

2. Son destinos de libre designación aqueles para os cales, pola súa especial responsabilidade e confianza, se precisan condicións profesionais e persoais de idoneidade, que apreciará discrecionalmente a autoridade facultada para concedelos, entre os que cumpran os requisitos exixidos para o posto. Regulamentariamente estableceranse, de forma xustificada, os criterios para determinar os postos que polas súas especiais exixencias e responsabilidade se deben cubrir por este procedemento.



3. Son destinos de concurso de méritos aqueles que se asignan avaliando os méritos e capacidades que se posúan en relación cos requisitos exixidos para o posto.

4. Son destinos de provisión por antigüidade os que se asignan por este criterio, entre os interesados que cumpran os requisitos exixidos para o posto.

#### Artigo 78. *Provisión de destinos.*

1. Regulamentariamente determinaranse as normas xerais de clasificación e provisión de destinos, que incluírán un tempo mínimo e, se for o caso, un máximo de permanencia. Así mesmo, determinaranse os procedementos de asignación en ausencia de peticionarios ou por falta de idoneidade destes, atendendo ás características da vacante e aos historiais profesionais daqueles que poidan ser destinados. De igual forma se establecerán, con criterios obxectivos, as limitacións para o acceso a determinados destinos, sen que se poida producir ningún tipo de discriminación.

2. As vacantes de destinos e a súa provisión, con indicación daqueles a aos cales se asignen, publicaranse no «Boletín Oficial de la Guardia Civil», facendo constar a denominación específica do posto ou a xenérica da unidade, centro ou organismo correspondente, as súas características, a forma de asignación, os requisitos que se exixan para a súa ocupación e os prazos para a presentación de solicitudes.

3. Os destinos daqueles que se incorporen a unha escala, así como os que se asignen a gardas civís vítimas de violencia de xénero ou teñan o recoñecemento de vítima do terrorismo poderanse outorgar sen publicación previa da vacante correspondente.

En todo caso, os destinos daqueles que se incorporen a unha escala estarán entre os que resultasen vacantes como consecuencia de concursos anteriores celebrados para a escala a que se acceda.

4. Entre os requisitos exixidos para ocupar determinados destinos poderanse incluír límites de idade ou condicións psicofísicas especiais, que serán acreditadas en función do expediente a que fai referencia o artigo 57.

#### Artigo 79. *Nomeamentos, destinos e cesamentos de oficiais xenerais.*

Os nomeamentos ou asignacións e os cesamentos dos cargos e destinos correspondentes a oficiais xenerais serán competencia do ministro do Interior.

#### Artigo 80. *Asignación de destinos.*

1. Os destinos, calquera que fose a súa forma de asignación, poderán ser asignados con carácter voluntario, forzoso ou anuente, conforme o que regulamentariamente se estableza.

2. A asignación dos destinos de libre designación que correspondan a postos de mando ou dirección que determine o ministro do Interior serán competencia do secretario de Estado de Seguridade.

3. A asignación dos destinos non incluídos no número anterior corresponderá ao director xeral da Garda Civil.

#### Artigo 81. *Atención á familia.*

1. Durante o período de embarazo e logo de informe facultativo, a muller garda civil terá dereito a ocupar un posto orgánico ou labor distinto do que estea ocupando, adecuado ás circunstancias do seu estado. A aplicación deste suposto non suporá perda do destino.

2. Así mesmo, cando existan circunstancias excepcionais de atención familiar, baseadas en motivos de saúde, discapacidade ou rehabilitación do garda civil, do seu cónxuxe, fillos ou familiares até segundo grao de consanguinidade, poderase adscribir temporalmente o garda civil a un posto de traballo en distinta unidade ou localidade,

conservando o destino que teña, logo de solicitude do interesado, informe do servizo médico oficial legalmente establecido e sempre que concorran as seguintes condicións:

- a) Que existan postos vacantes no cadro de persoal da unidade de adscrición cuxo nivel de complemento de destino e compoñente singular do complemento específico non sexa superior ao do posto de destino.
- b) Que se reúnan os requisitos necesarios para o desempeño do novo posto.

3. A adscrición concederáse mediante resolución do director xeral, que será publicada no «Boletín Oficial de la Guardia Civil», por períodos renovables dun ano, sen que o tempo total de adscrición poida superar os catro anos. Entrará en vigor aos cinco días da súa publicación, salvo que a resolución dispoña outro prazo, pasando a percibir as retribucións correspondentes ao posto de traballo de adscrición desde o día primeiro do mes seguinte ao da súa incorporación. A adscrición non terá, en ningún caso, carácter indemnizable e poderá ser revogada en calquera momento anterior ao cumprimento dos períodos sinalados cando cesen as causas que a motivaron.

4. A concesión da adscrición temporal non altera a contabilización dos prazos de mínima permanencia polos que estea afectado o interesado e para efectos de valoración para a asignación dos destinos por concurso de méritos do artigo 77.3 terá a mesma consideración que unha comisión de servizo.

#### Artigo 82. *Violencia de xénero e condición de vítima do terrorismo.*

A garda civil vítima de violencia de xénero que se vexa obrigada a cesar no seu destino para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral terá dereito, nas condicións que regulamentariamente se determinen, a ocupar outro destino de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura.

Así mesmo e nas condicións que regulamentariamente se determinen, terán dereito á asignación dun novo destino os gardas civís que sexan considerados vítimas do terrorismo, conforme o previsto na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

#### Artigo 83. *Cesamento nos destinos.*

1. As normas xerais de provisión de destinos incluírán as causas de cesamento neles. En todo caso, os destinos de libre designación poderán ser revogados libremente polas autoridades competentes para a súa asignación.

2. A facultade de cesar nun destino, cando fose asignado por concurso de méritos ou por antigüidade, corresponde ao director xeral da Garda Civil. O cesamento deberá ser motivado con indicación das causas, logo de apertura, se for o caso, dun expediente en que se requirirá a audiencia do interesado, cuxas manifestacións constarán por escrito.

3. Os xefes de unidade, centro ou organismo poderán propor o cesamento no destino de calquera subordinado por falta de idoneidade no desempeño dos labores propios do seu destino, e elevarán por conduto regulamentario á autoridade que o conferiu informe razoado das causas que motivan a proposta de cesamento. Este producirase, se for o caso, de acordo co establecido nos números anteriores.

4. A imposición de condena por sentenza firme, que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe, comportará o cesamento neste, desde o momento en que a Dirección Xeral da Garda Civil teña testemuño da resolución xudicial. O dito cesamento será acordado polo director xeral da Garda Civil.

#### Artigo 84. *Asignación de destinos e cesamentos por necesidades do servizo.*

O ministro do Interior poderá, de forma motivada, cando necesidades do servizo o aconsellen, destinar ou acordar o cesamento nun destino ou denegar a súa adxudicación.

**Artigo 85. Carácter dos destinos.**

Os destinos non poderán ser asignados a persoal con empregos superiores nin inferiores aos previstos para o posto específico, a non ser, neste último caso, que a súa designación se efectúe en vacante de emprego inmediato superior. Ademais, cando razóns organizativas ou estruturais así o requiran, poderanse igualmente asignar destinos de empregos inmediatamente superiores e dentro da mesma escala para as zonas do escalafón que se determinen no anuncio da vacante, sempre que os posibles peticionarios fosen avaliados para o ascenso e a vacante non teña peticionarios do emprego para o que estea catalogada.

As funcións dun cargo ou posto vacantes poderanse desempeñar con carácter interino ou accidental por aquel a que lle corresponda, de acordo co que se determine regulamentariamente.

**Artigo 86. Comisións de servizo.**

1. Cando as necesidades do servizo o requiran, os gardas civís poderán ser designados para realizar comisións de servizo de carácter temporal, conservando o seu destino, se o teñen.

2. A duración das comisións de servizo non poderá exceder un ano, salvo que o réxime específico aplicable aos expertos nacionais en comisión de servizo no ámbito da Unión Europea ou noutro organismo internacional estableza unha duración superior, caso en que o seu réxime de retribucións e indemnizacións por razón do servizo será o previsto por tales institucións na súa normativa específica.

3. As autoridades e mandos competentes poderán designar aqueles que deban desempeñar calquera comisión de servizo de entre os que reúnan as condicións precisas de idoneidade ou aptitude. Así mesmo, valoraranse, cando existan, as circunstancias excepcionais de atención familiar a que se refire o artigo 81 da presente lei, caso en que, de se outorgar, a comisión de servizos poderá prolongarse durante o tempo que se manteñan as referidas circunstancias, sen que en ningún caso poida exceder un ano.

4. De igual modo, poderán revogar a designación, dispoñendo a fin da comisión.

**CAPÍTULO VI****Situacións administrativas****Artigo 87. Situacións administrativas.**

1. Os gardas civís acharanse nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia.
- d) Suspensión de emprego.
- e) Suspensión de funcións.
- f) Reserva.

2. O garda civil en calquera situación administrativa, salvo nos casos en que se especifica o contrario, está suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, ao seu réxime disciplinario e ás leis penais e disciplinarias militares cando lle sexan de aplicación.

**Artigo 88. Situación de servizo activo.**

1. Os gardas civís estarán en servizo activo se ocupan algún dos destinos a que se refiren os artigos 75 e 76 e non se encontran noutra das situacións administrativas reguladas neste título.

2. Tamén se acharán nesta situación cando estean pendentes de asignación de destino por ter cesado no que tiñan ou por procederen doutra situación administrativa e cando ingresen como alumnos nos centros docentes de formación, se non lles corresponde o pase a outra conforme o disposto neste capítulo.

3. Regulamentariamente determinarase o tempo que poderán permanecer na situación de servizo activo os prisioneiros e desaparecidos, tendo en conta o establecido no Código civil.

#### Artigo 89. *Situación de servizos especiais.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de servizos especiais cando:

a) Sexan elixidos polas Cortes Xerais ou as asembleas lexislativas das comunidades autónomas para formar parte dos órganos constitucionais, ou dos órganos estatutarios, ou doutros cuxa elección corresponda ás cámaras e ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

b) Presten servizos no Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo, Consello Xeral do Poder Xudicial ou Tribunal de Contas, Tribunal Supremo ou noutros órganos xurisdiccionais.

c) Presten servizos na Presidencia do Goberno ou nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado en postos orgánicos non relacionados especificamente coa defensa ou a seguridade cidadá.

d) Sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos, ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a normativa da respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a alto cargo.

e) Sexan autorizados polo ministro do Interior para realizar unha misión por un período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

f) Sexan autorizados polo ministro do Interior a participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a seguridade cidadá en organismos, entidades ou empresas alleos ao Ministerio do Interior.

g) Adquiran a condición de persoal estatutario permanente do Centro Nacional de Intelixencia.

h) Sexan designados membros do Goberno ou dos órganos de Goberno das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta ou Melilla, ou membros das institucións da Unión Europea ou de organizacións internacionais, ou sexan nomeados altos cargos das citadas administracións públicas ou institucións.

i) Sexan designados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resulten elixidos nelas.

j) Cando adquiran a condición de funcionarios ao servizo de organizacións internacionais, no caso de que non ocupen postos orgánicos relacionados coa seguridade.

2. O tempo permanecido na situación de servizos especiais será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que corresponda.

3. Percibirán as retribucións do posto ou cargo que desempeñen e non as que lles correspondan como gardas civís, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que teñan recoñecidos.

4. Os gardas civís en situación de servizos especiais poderán ascender se cumpren os requisitos exixidos aos compoñentes da súa escala.

5. Durante o tempo de permanencia na situación de servizos especiais, o garda civil terá a súa condición de garda civil en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e obrigas dos membros do corpo, ás leis penais militares cando sexan de aplicación e á disciplinaria do instituto.

Artigo 90. *Situación de excedencia.*

1. Os gardas civís poderán pasar á situación de excedencia nas seguintes modalidades:

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia voluntaria por interese particular.
- c) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de familiares.
- e) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- f) Ingreso por acceso directo como alumno dos centros de formación.
- g) Excedencia baseada na consideración de vítima de terrorismo.

2. Os gardas civís quedarán en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público cando pasen á situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou pasen a prestar servizos nelas ou en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais, sempre que se trate do desempeño de postos con carácter de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo.

Para poder optar a isto, será condición ter cumprido o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de garda civil ou desde que finalizasen os cursos do sistema de ensino do corpo que para estes efectos fosen fixados conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior.

En ambos os supostos, o tempo que se fixe, que non poderá ser superior a oito anos, gardará unha proporción adecuada aos custos e duración dos estudos realizados e terá presentes as necesidades de planeamento da Garda Civil.

Durante o tempo de permanencia nesta situación, terán a súa condición de garda civil en suspenso e, en consecuencia, deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil e ás leis penais militares e disciplinarias da Garda Civil e, se for o caso, das Forzas Armadas, pero poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

3. Os gardas civís poderán obter a excedencia voluntaria por interese particular cando o soliciten co aviso previo que se determine regulamentariamente, cos mesmos prazos establecidos para os funcionarios da Administración xeral do Estado sempre que non estean designados para participar en misións fóra do territorio nacional nin se lles estea instruindo un procedemento disciplinario e cumpriren o tempo de servizos que regulamentariamente se determine desde a adquisición da condición de garda civil ou desde que finalizasen os cursos do sistema de ensino do corpo que para estes efectos fosen fixados conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior.

En ambos os supostos, o tempo que se fixe, que non poderá ser superior a doce anos, gardará unha proporción adecuada aos custos e duración dos estudos realizados e terá presente as necesidades de planeamento da garda civil.

Nesta situación permanecerase un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupaba nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela finalizará a inmovilización pero a perda de postos será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces quedará inmovilizado no posto que teña no escalafón correspondente no momento da concesión.

O garda civil nesta situación terá a súa condición de garda civil en suspenso e, en consecuencia, deixarán de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil e ás leis penais militares e disciplinarias do sito corpo, pero

poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

A concesión de excedencia voluntaria por interese particular quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas.

Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicará retribucións nin lle será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

4. Aos gardas civís poderáselles conceder a excedencia voluntaria por agrupación familiar, sen requisito de ter prestado tempo de servizos, cando o cónxuxe resida noutro municipio por ter obtido e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo, como funcionario de carreira ou laboral en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependentes ou vinculados a elas, así como en órganos constitucionais ou do Poder Xudicial e órganos similares das comunidades autónomas, na Unión Europea ou en organizacións internacionais ou un destino dos recollidos nos artigos 75 e 76.

Nesta situación permanecerase un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupaba nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela finalizará a inmovilización pero a perda de postos será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces quedará inmovilizado no posto que tiña no escalafón correspondente no momento da concesión.

O garda civil nesta situación terá a súa condición de garda civil en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil e ás leis penais militares e disciplinarias do dito corpo, pero poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicará retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

5. Aos gardas civís poderáselles conceder a excedencia por coidado de familiares cando o soliciten para atender ao coidado de cada fillo, por natureza ou adopción ou por acollemento permanente ou preadoptivo, así como para atender ao coidado dun familiar que se encontre ao seu cargo, até o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

Nos supostos indicados no parágrafo anterior terase dereito a un período de excedencia non superior a tres anos, contados, se se trata do coidado de fillos ou de acollemento, desde a data de nacemento ou da resolución xudicial ou administrativa.

Os sucesivos suxeitos causantes darán dereito a un novo período de excedencia que, se for o caso, porá fin ao que se viña desfrutando.

En caso de que máis dun garda civil xerese o dereito a desfrutalo polo mesmo suxeito causante poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades do servizo.

O garda civil nesta situación terá a súa condición de garda civil en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil e ás leis penais militares e disciplinarias do dito corpo, pero poderá ascender sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicará retribucións pero será computable para efectos de trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan, e durante o primeiro ano de cada período de excedencia, como tempo de servizos.

O garda civil que pase á situación de excedencia voluntaria polas causas previstas neste punto terá dereito, durante os dous primeiros anos, á reserva do posto de traballo



que desempeñaba. Transcorrido este período, a dita reserva serao a un posto na mesma localidade e de igual retribución, sempre que exista vacante nela.

6. A muller garda civil vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito a solicitar a situación de excedencia sen ter que ter prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa exixible prazo de permanencia nela.

Os seis primeiros meses seranlle computables para efectos de tempo de servizos, trienios, de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan, e reserva do posto de traballo. Cando as actuacións xudiciais o exixan poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezoito, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

Durante os dous primeiros meses desta excedencia terase dereito a percibir as retribucións íntegras que viña percibindo.

A garda civil nesta situación poderá ascender, durante os tres primeiros anos, sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei.

7. Os gardas civís pasarán á situación de excedencia por acceso directo como alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil ou das Forzas Armadas.

Aqueles que se encontren nesta situación reintegraranse á de servizo activo se causan baixa no centro antes de acceder á nova escala, e poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas nesta lei. A partir dese momento permanecerá inmovilizado no escalafón correspondente no posto que ocupaba e non será avaliado para o ascenso.

Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións pero si será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

8. Os gardas civís que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, logo de recoñecemento do Ministerio do Interior ou de sentenza xudicial firme, nos termos establecidos na Lei 29/2011, do 22 de setembro, terán dereito a un período de excedencia nas mesmas condicións establecidas para o suposto de violencia de xénero recollido no número 6 deste artigo.

Os gardas civís tamén terán este dereito cando as circunstancias que se establecen no número anterior concorran no seu cónxuxe ou persoa con quen conviva con análoga relación de afectividade e fillos.

#### Artigo 91. *Situación de suspensión de emprego.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de suspensión de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, á pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, mentres se encontren privados de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro; ou ás penas principal ou accesoria de suspensión de emprego ou cargo público.

b) Imposición de sanción disciplinaria de suspensión de emprego.

2. Os gardas civís que pasen á situación de suspensión de emprego pola causa definida na letra a) do número anterior cesarán definitivamente no seu destino, e quedarán privados do exercicio das súas funcións durante o tempo en que se execute a pena privativa de liberdade ou a de suspensión de emprego ou cargo público, até a total extinción destas.

A suspensión de emprego polo suposto definido na letra b) do número anterior producirá os efectos previstos na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.

3. Os gardas civís tamén poderán pasar á situación de suspensión de emprego á vista da sentenza en que se impoña a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio, ou calquera outro dereito ou de privación dos dereitos á tenza e porte de armas, a

conducir vehículos de motor ou a residir en determinados lugares ou a acudir a eles, cando tal inhabilitación ou privación impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.

4. Corresponde ao ministro de Defensa a competencia para adoptar as resolucións a que se refiren os dous números anteriores.

5. Aqueles que pasen á situación de suspensión de emprego, calquera que sexa a causa que o motive, permanecerán no escalafón no posto que ocupaban nese momento e non serán avaliados para o ascenso. Ao cesaren nela finalizará a inmovilización, e será definitiva a perda de postos.

O tempo permanecido na situación de suspensión de emprego non será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

6. O que pase á situación de suspensión de emprego polo suposto definido na letra b) do número 1, se a sanción disciplinaria executada for posteriormente revogada con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se ao seu dereito conviñer, recuperará a súa situación no escalafón, incluído o ascenso que puidese terlle correspondido e o tempo transcorrido na dita situación seralle computable para efectos de tempo de servizos, trienios e determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

7. O garda civil que pase á situación de suspensión de emprego terá dereito a percibir o 75 por cento das retribucións básicas, así como as prestacións familiares e pensións de mutilación e recompensas a que se poida ter dereito.

8. Regulamentariamente determinarase o alcance compensatorio do tempo permanecido na situación de suspensión de funcións con relación á duración e efectos da situación de suspensión de emprego.

#### Artigo 92. *Situación de suspensión de funcións.*

1. O pase á situación de suspensión de funcións dos gardas civís poderase acordar como consecuencia do procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun expediente disciplinario por falta moi grave.

O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ao réxime do instituto ou a alarma social producida, poderá acordar a suspensión de funcións. O ministro do Interior determinará se a dita suspensión comporta o cesamento no destino.

2. O garda civil en situación de suspensión de funcións permanecerá inmovilizado no posto que ocupe no escalafón.

O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o de duración da prisión preventiva, caso que for acordado pola autoridade xudicial nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

3. No suposto de cesamento na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva, o director xeral da Garda Civil poderá acordar, por resolución motivada en que se deberán valorar os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder o momento de dítarse sentenza firme ou auto de sobresemento.

4. O tempo permanecido na situación de suspensión de funcións non será computable como tempo de servizos, nin para efectos de trienios nin de determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan. Non obstante, será de aboamento para, se for o caso, o cumprimento posterior da situación administrativa de suspensión de emprego.

En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do expediente disciplinario sen declaración de responsabilidade, será repostado no seu destino se ao seu dereito conviñer, recuperará a súa situación no escalafón, incluído o ascenso que puidese terlle correspondido. O tempo transcorrido na dita situación seralle

computable para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos de Seguridade Social que lle correspondan.

Cando o período de tempo permanecido na situación de suspensión de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria por expediente disciplinario, a diferenza seralle computable como tempo de servizos.

5. Para os efectos do cadro de persoal do corpo da Garda Civil, os gardas civís na situación de suspenso de funcións contabilizarán de igual forma que os que se encontren na de servizo activo.

6. O garda civil que pase á situación de suspensión de funcións terá dereito a percibir o 100 por cento das retribucións básicas, así como as prestacións familiares e pensións de mutilación e recompensas a que poida ter dereito, salvo no suposto de paralización do expediente por causa imputable ao interesado, que comportará a perda de toda retribución mentres se mantéña a dita paralización e, de igual maneira, non terá dereito a percibir ningún haber en caso de incomparecencia no expediente disciplinario.

#### Artigo 93. *Situación de reserva.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de reserva polas seguintes causas:

a) Os oficiais xenerais pasarán a reserva ao cumpriren catro anos no emprego de xeneral de brigada ou sete entre os empregos de xeneral de brigada e xeneral de división, ou dez entre os anteriores e o de tenente xeneral.

O tenente xeneral, director adxunto operativo da Garda Civil, permanecerá na situación de activo mentres desempeñe o dito cargo, pasando, no momento do seu cesamento, á situación de reserva ou a retiro, segundo proceda de acordo co disposto na presente lei.

Por decisión do Goberno, os oficiais xenerais tamén poderán pasar á situación de reserva mediante real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, logo de informe do ministro do Interior.

b) Os membros da categoría de oficiais pasarán a reserva ao faceren a idade de sesenta e un anos.

c) Os membros da categoría de suboficiais pasarán a reserva ao faceren a idade de cincuenta e oito anos.

d) Os membros da categoría de cabos e gardas pasarán a reserva ao faceren cincuenta e oito anos.

2. Non obstante o disposto no número anterior, logo de solicitude do interesado e por períodos dun ano, poderase conceder a continuación en servizo activo até facer a idade de 60 anos aos membros da categoría de suboficiais e de 65 aos da de cabos e gardas.

Regulamentariamente estableceranse os requisitos e procedemento de solicitude da continuación en servizo activo.

3. Cando corresponda o pase á situación de reserva pola causa definida na letra a) do número 1, o punto de partida para contabilizar os tempos en cada emprego será o da data do real decreto ou resolución polo que se concedeu o ascenso, salvo que neles se fixese constar a do día seguinte a aquel en que se produciu a vacante que orixinou o ascenso.

4. Os gardas civís poderán pasar á situación de reserva por petición propia, nas cotas que autoricen periodicamente e de forma conxunta os ministros de Defensa e do Interior para os distintos empregos e escalas, de acordo coas previsións de planeamento da seguridade cidadá e dos recursos humanos na Garda Civil, sempre que teñan cumpridos vinte e cinco anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de garda civil.

5. O pase á situación de reserva producirase por resolución do ministro de Defensa, excepto no suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a) do número 1 para os oficiais

xenerais, e causará o cesamento automático do interesado no destino ou cargo que ocupaba, salvo nos casos que se determinen regulamentariamente de acordo co previsto no número 8.

6. Non obstante o disposto nos números 1 e 2, os gardas civís non poderán pasar á situación de reserva se non contan con, ao menos, vinte anos cumpridos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de garda civil. Aqueles que non poidan permanecer na situación de activo pasarán directamente a retiro.

7. Na situación de reserva non se producirán ascensos.

8. Os gardas civís que pasen á situación de reserva quedarán, até alcanzar a idade de retiro, á disposición do ministro do Interior para o cumprimento de funcións policiais cando razóns de seguridade cidadá o requiran.

9. Desde a situación de reserva poderase pasar ás demais situacións, excepto á de servizo activo. Ao cesar nestas, o interesado reintegrarase á de reserva.

10. As retribucións en situación de reserva determinaranse nas normas que regulen o sistema retributivo do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado e estarán constituídas, para o persoal non destinado, polas retribucións básicas e un complemento de dispoñibilidade.

Cando se pase á situación de reserva pola causa sinalada na letra a) do número 1 deste artigo, conservaranse as retribucións do persoal en activo até alcanzar a idade de 63 anos.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase como retribucións do persoal en activo as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ao emprego, considerándose comprendido o complemento específico de carácter singular asignado aos postos de traballo desempeñados por oficiais xenerais ao constituír para os ditos empregos un único concepto que absorbe o compoñente xeral do complemento específico.

11. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan.

## TÍTULO VI

### Cesamento na relación de servizos profesionais

Artigo 94. *Pase a retiro.*

1. A relación de servizos profesionais co corpo da Garda Civil cesa en virtude de retiro, que se declarará de oficio, ou, se for o caso, por instancia de parte, nos seguintes supostos:

- a) Ao facer a idade de sesenta e cinco anos, sempre que se cumpran os requisitos exixidos para isto.
- b) Con carácter voluntario.
- c) Por insuficiencia de condicións psicofísicas que implique incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do corpo.
- d) Por insuficiencia de facultades profesionais.

2. Aqueles que ingresen nos centros docentes militares de formación poderán pasar a retiro por incapacidade permanente para o exercicio das funcións específicas do corpo como consecuencia do desempeño das actividades propias dos procesos de ensino.

3. O pase á situación de retiro polos supostos recollidos nas letras a), b) e c) do número 1 e no número 2 deste artigo efectuarase nas condicións e termos previstos na lexislación de clases pasivas do Estado ou, se for o caso, no réxime xeral da Seguridade Social, segundo determine a normativa vixente na materia.

4. Os gardas civís que pasasen a retiro deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal do corpo da Garda Civil e á normativa disciplinaria do instituto.

Terán a consideración de garda civil retirado, na cal desfrutarán dos dereitos de Seguridade Social que lles correspondan, manterán os asistenciais no ámbito do réxime de Seguridade Social das Forzas Armadas e doutra orde recoñecidos nas leis, e poderán usar o uniforme en actos institucionais e sociais solemnes, de acordo co que se determine.

Disporán, se o solicitan, da correspondente tarxeta de identificación e facilitaráselles o acceso a información sobre prestacións a que teñen dereito e outros asuntos que poidan ser do seu interese.

#### Artigo 95. *Perda da condición de garda civil.*

1. A condición de garda civil perderase por algunha das causas seguintes:

- a) En virtude de renuncia, cos requisitos que se establecen no artigo seguinte.
- b) Perda da nacionalidade española.
- c) Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público cando adquirise firmeza.
- d) Sanción disciplinaria de separación do servizo.

2. Coa perda da condición de garda civil deixarase de estar suxeito ao réxime xeral dos dereitos e deberes e ás normas disciplinarias dos membros da Garda Civil. Comportará, ademais, a perda da condición de militar de carreira.

3. A perda da condición de garda civil non suporá, en ningún caso, o pase do afectado a retiro.

O tempo de servizos cumprido seralle considerado para efectos da determinación, no seu momento, da pensión que lle corresponda.

#### Artigo 96. *Renuncia á condición de garda civil.*

1. Os gardas civís poden renunciar á súa condición se teñen cumpridos os tempos de servizos que regulamentariamente se determinen desde a adquisición da condición de garda civil ou desde que finalizasen os cursos de perfeccionamento e altos estudos que, para estes efectos, fosen fixados conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior. Os tempos estarán en relación cos custos e duración dos estudos realizados, terán presentes as necesidades de planeamento da Garda Civil e non poderán ser superiores a dez anos.

2. De non ter cumpridos os tempos establecidos no número anterior, para renunciar deberán resarcir economicamente o Estado e comunicalo cun aviso previo de seis meses.

As cantidades que deberán resarcir serán fixadas conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior para cada proceso de formación para o acceso ás diferentes escalas e para os cursos de perfeccionamento e altos estudos, tendo en conta os tempos de servizos citados no número anterior e o custo da formación recibida e retribucións percibidas durante esta.

Igualmente, estableceranse porcentaxes de redución da dita indemnización por aplicación de períodos de tempo de servizo cumprido na data que teña efecto a renuncia. Esta non se poderá conceder até que o interesado aboe a contía que se determine como indemnización.

3. Non poderá ser aceptada a renuncia cando o garda civil estea suxeito a procedemento disciplinario por falta grave ou moi grave, ou fose ditado na súa contra auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito.

4. O procedemento de formalización da renuncia deberase instruír e resolver no prazo máximo de dous meses.

#### Artigo 97. *Vinculación honorífica.*

O garda civil que cesase na súa relación de servizos profesionais por pase a retiro, ademais dos dereitos de Seguridade Social que correspondan, asistenciais e doutra orde que teña recoñecidos, poderá manter, se o solicita, unha especial vinculación co instituto mediante a súa adscrición con carácter honorífico á unidade que elixa, logo de conformidade do director xeral, e poderá asistir aos actos e cerimonia institucionais en que esta participe.

*Artigo 98. Rehabilitación.*

O ministro de Defensa poderá, con carácter excepcional, conceder a rehabilitación, por petición do interesado, de quen fose condenado a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido e sempre que se cumprise a pena.

Así mesmo, en caso de cesamento da relación de servizos como consecuencia da perda de nacionalidade española ou por insuficiencia de condicións psicofísicas que impliquen incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do corpo, o interesado, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de garda civil, que lle será concedida salvo que non se acredite fidedignamente a desaparición daquela causa ou existan outras circunstancias que resulten incompatibles coa condición de garda civil.

Se, transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se producise de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude.

*Artigo 99. Avaliacións para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais.*

1. O director xeral ordenará a iniciación dun expediente para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais para efectos de determinar a limitación para ocupar determinados destinos ou o pase a retiro, como consecuencia da declaración definitiva de non aptitude para o ascenso. Tamén o poderá ordenar como consecuencia dos informes persoais a que se refire o artigo 55.

2. Con tal finalidade constituirase unha xunta de avaliación específica cuxas conclusións serán elevadas ao director xeral, que, logo de informe do Consello Superior da Garda Civil, presentará ao ministro de Defensa a proposta de resolución que proceda. No caso de que o expediente afecte un membro do Consello da Garda Civil será emitido informe previo por este órgano.

3. Regulamentariamente determinaranse os procedementos para a tramitación dos expedientes de insuficiencia de condicións profesionais.

*Artigo 100. Avaliacións para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. Como consecuencia dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 57, así como nos supostos previstos no artigo 98, poderase iniciar un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para efectos da limitación para ocupar determinados destinos, de pasar a retiro ou de continuar nel.

O expediente, en que constarán os ditames dos órganos médicos competentes, será valorado por unha xunta de avaliación e elevado ao director xeral da Garda Civil, o cal propondrá ao ministro de Defensa a resolución que proceda.

2. Regulamentariamente determinaranse os procedementos para a tramitación dos expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas e os cadros de condicións psicofísicas que permitan aos órganos médicos competentes emitir os ditames oportunos.

3. Aos gardas civís que, como resultado dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas, se lles abra un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas e como consecuencia disto se estableza unha incapacidade que comporte unha limitación para ocupar determinados destinos, garantiráselles o principio de igualdade de trato nos destinos a que poidan acceder.

Regulamentariamente estableceranse os medios e procedementos para que poidan seguir desenvolvendo a súa carreira profesional, reorientándoa, se for o caso, mediante o ensino de perfeccionamento que sexa necesario e adecuado.

Nas condicións de traballo nos destinos a que teñan acceso adoptaranse as medidas que permitan a eliminación de toda discriminación ou desvantaxe.



## Artigo 101. *Insuficiencia temporal de condicións psicofísicas.*

1. Ao garda civil que, como consecuencia dos recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 57, lle sexa apreciada unha insuficiencia de condicións psicofísicas para o servizo, motivada por lesión ou enfermidade, que non resulte irreversible, permanecerá na situación administrativa en que se encontre.

2. No momento en que a insuficiencia citada no número anterior se presuma definitiva ou, en todo caso, transcorrido un período de doce meses desde que lle foi apreciada, iniciárase o expediente que se regula no artigo 100.

Para os efectos do parágrafo anterior, computaranse os períodos de recaída, entendida que existe e que, por tanto, non se inicia un novo período de insuficiencia temporal, cando o afectado cause baixa para o servizo novamente nun prazo inferior a seis meses e sexa consecuencia do mesmo proceso patolóxico.

3. No expediente a que fai referencia o número anterior, o prazo para resolver quedará suspendido cando, con anterioridade ao momento en que se constaten os feitos que motivan a súa incoación, se instrúa un procedemento xudicial por delito en que se poidan impor as penas de prisión, inhabilitación absoluta e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, ou un expediente disciplinario por falta moi grave. Nestes casos, non se ditará resolución, se procede, até que se dite resolución definitiva no procedemento xudicial penal e se depure, en todo caso, a eventual responsabilidade disciplinaria pola condena ou ben se dite resolución no expediente disciplinario por falta moi grave.

## TÍTULO VII

### Protección social, retribucións e recursos

#### CAPÍTULO I

#### Protección social

## Artigo 102. *Principios xerais.*

1. As prestacións asistenciais de protección social dos gardas civís, incluída a asistencia sanitaria, estarán cubertas polo réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas. Para este fin colaborarán os propios órganos e recursos da Garda Civil en materia sanitaria e de acción social.

2. O réxime de clases pasivas do Estado ou o réxime xeral da Seguridade Social aplicarase con carácter xeral ao persoal do corpo da Garda Civil, segundo determine a lexislación específica na materia.

## Artigo 103. *Sanidade da Garda Civil.*

1. Na sanidade da Garda Civil están incluídos os servizos médicos e os de inspección sanitaria e contará co apoio dos de atención psicolóxica.

Para os efectos deste artigo e na forma que regulamentariamente se determine, os servizos de sanidade da Garda Civil están incluídos na Sanidade Militar.

2. Corresponde á sanidade da Garda Civil, con independencia da prestación sanitaria a que ten dereito o persoal do corpo pola súa pertenza ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas:

a) Determinar a existencia das condicións psicofísicas precisas para o ingreso nos centros docentes de formación e para a perda da condición de alumno, conforme o establecido no artigo 35.2 e no artigo 48.1 b).

b) Efectuar o seguimento e control das baixas temporais do persoal do corpo da Garda Civil e asesorar e informar nesta materia os xefes de unidade, centro ou organismo.

c) Valorar e confirmar, se for o caso, as baixas temporais que fosen expedidas por facultativos alleos á Sanidade do corpo cuxa recuperación non se producise antes do décimo día desde que foron emitidas.

d) Dispor que aqueles que se encontren en situación de baixa temporal sexan sometidos aos recoñecementos psicofísicos que se consideren convenientes.

e) Emitir ditames directamente ou a través dos órganos médico-periciais, detallando neles o diagnóstico da enfermidade ou proceso patolóxico e o grao de discapacidade que corresponda para determinar a aptitude para o servizo dos interesados.

f) Emitir os ditames preceptivos que determina a lexislación de clases pasivas do Estado, para os efectos de determinar, se for o caso, de acordo co establecido no artigo 98, a limitación para ocupar determinados destinos ou o pase a retiro como consecuencia de que o afectado estea imposibilitado totalmente para o desempeño das funcións propias da Garda Civil.

Para o desenvolvemento das súas competencias, a Sanidade da Garda Civil poderá establecer contratos ou convenios de colaboración con determinados profesionais médicos ou entidades públicas ou privadas.

3. Os servizos aludidos no número primeiro deste artigo están facultados para acceder aos informes e diagnósticos relativos ás situacións de baixa temporal dos membros do corpo, co fin de exercer as funcións que teñen encomendadas, cos límites que establece a normativa vixente respecto ao tratamento e protección de datos de carácter persoal.

4. Corresponde aos órganos de inspección sanitaria da Garda Civil o control e a revisión das baixas por insuficiencia temporal de condicións psicofísicas, para o cal poderán emitir os ditames que consideren oportunos ou solicitar, se for o caso, unha valoración dos profesionais ou órganos médicos que se recollen no número 2 deste artigo. Estes ditames prevalecerán sobre os que fosen emitidos por outros facultativos.

Para os efectos mencionados no parágrafo anterior os gardas civís teñen a obriga de se someter aos recoñecementos psicofísicos que se consideren necesarios a xuízo dos servizos de Sanidade da Garda Civil.

5. Regulamentariamente desenvolverase o exercicio das facultades encomendadas nesta lei á Sanidade da Garda Civil e os procedementos de relación cos órganos médico-periciais competentes da Sanidade Militar.

#### Artigo 104. *Acción social.*

Dentro do marco de protección social existirá na Garda Civil un sistema de acción social en que se desenvolverán actuacións para promover o benestar social, a formación, a saúde, a cultura, o ocio e o deporte do persoal do corpo, incluídos os retirados e as súas familias.

## CAPÍTULO II

### Retribucións e grupos administrativos

#### Artigo 105. *Sistema retributivo.*

1. As retribucións do persoal do corpo da Garda Civil determinaranse nas normas que regulen o sistema retributivo do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado, de acordo co establecido no artigo 6.4 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

2. Para efectos retributivos e de fixación dos haberes reguladores para a determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan, aplicaranse as seguintes equivalencias entre os empregos e os grupos de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas:

Tenente xeneral da Garda Civil a tenente: grupo A (subgrupo A1).

Suboficial maior a sarxento: grupo A (subgrupo A2).

Cabo maior a Garda Civil: grupo C (subgrupo C1).

3. Regulamentariamente determinaranse as retribucións complementarias dos diferentes empregos.

4. Ao garda civil que cause baixa para o servizo por incapacidade temporal fixaráselle as súas retribucións de forma análoga a como a normativa vixente establece as contías a que teñen dereito, na mesma situación, os funcionarios civís do Estado.

Se se determina que a baixa se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del, terase dereito a percibir o 100 por cento das retribucións básicas e dos complementos de destino e específico que se viñesen percibindo.

### CAPÍTULO III

#### Recursos

##### Artigo 106. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas nesta lei, os gardas civís poderán interpor recurso de alzada, nos termos establecidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, excepto cando se trate de actos e resolucións adoptados polo Consello de Ministros e polos ministros de Defensa e do Interior, contra os que caberá interpor recurso potestativo de reposición, previo á vía contencioso-administrativa, nos termos establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Nos procedementos en materia de avaliacións, clasificacións, ascensos, destinos, recompensas, situacións administrativas, rehabilitación e retribucións, cuxa concesión se deba realizar por solicitude do persoal do corpo da Garda Civil, se a Administración non notifica a súa decisión no prazo de seis meses ou, se for o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerarase desestimada a solicitude e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

##### Disposición adicional primeira. *Integración na nova escala de oficiais.*

Os membros das escalas superior de oficiais, de oficiais, facultativa superior e facultativa técnica, segundo denominación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, integraranse na nova escala de oficiais da Garda Civil de acordo co establecido nesta lei.

##### Disposición adicional segunda. *Destinos de militares de carreira das Forzas Armadas.*

De acordo co previsto no artigo 99.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, os militares de carreira das Forzas Armadas poderán ocupar determinados destinos na Garda Civil, en función dos labores e facultades do corpo e escala a que pertencen.

##### Disposición adicional terceira. *Indemnizacións.*

As indemnizacións do persoal do corpo da Garda Civil serán as reguladas, con carácter xeral, para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

##### Disposición adicional cuarta. *Emprego de alférez.*

O emprego de alférez obtido polos membros da Garda Civil de acordo co establecido na Lei 42/1999, do 25 de novembro, ou na disposición transitoria sexta desta lei, así como o concedido con carácter eventual aos alumnos dos centros docentes de formación, estará encadrado dentro da categoría de oficiais e a continuación do emprego de tenente.

Para efectos retributivos e de fixación dos haberes reguladores para a determinación dos dereitos de Seguridade Social que correspondan, ao emprego de alférez aplicarase a equivalencia ao grupo de clasificación A2 dos funcionarios ao servizo das administracións públicas.

Disposición adicional quinta. *Escalas facultativas superior e técnica a extinguir.*

Aqueles que permanezan nas escalas facultativa superior ou facultativa técnica a extinguir de acordo co disposto nesta lei desenvolverán funcións de carácter científico, técnico, docente, de asesoramento ou de dirección facultativa no ámbito das súas áreas de coñecemento e da titulación académica exixida para o ingreso nas escalas de orixe.

Os empregos nestas escalas irán seguidos do termo que corresponda segundo a titulación académica específica de quen a desempeña.

Disposición adicional sexta. *Curso de capacitación para ascenso ao emprego de comandante.*

O persoal que superase o curso de capacitación para ascenso ao emprego de comandante da escala superior de oficiais establecido na Lei 42/1999, do 25 de novembro, estará exento do requisito de realización do curso de capacitación que establece a presente lei para o ascenso ao dito emprego.

Disposición adicional sétima. *Rango militar de Garda Civil de primeira.*

Aqueles que, no momento da entrada en vigor desta lei, desempeñen o rango militar de garda civil de primeira conservarán a dita distinción, sen que isto supoña efectos retributivos nin recoñecemento de maior antigüidade no emprego de garda civil para efectos de dirección do servizo nin sucesión no mando.

Disposición adicional oitava. *Réxime do persoal do Centro Nacional de Intelixencia.*

1. O garda civil que preste os seus servizos no Centro Nacional de Intelixencia quedará sometido ao único estatuto de persoal a que se refire o artigo 8 da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia.

2. O garda civil que se incorpore ao centro cunha relación de servizos de carácter temporal permanecerá na situación de servizo activo. Cando adquira o carácter de permanente pasará á situación de servizos especiais. En ambos os supostos cumprirá condicións para ser avaliado para o ascenso, da forma que se determine regulamentariamente.

3. O garda civil que cese como persoal estatutario do Centro Nacional de Intelixencia encontrándose en situación de suspensión de funcións pasará, ao se reincorporar ao corpo da Garda Civil, á de suspenso de emprego até o cumprimento da condena penal ou sanción administrativa de que deriva.

Disposición transitoria primeira. *Constitución da escala de oficiais.*

1. Até o 30 de xuño do ano 2017 manteranse as escalas da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e a partir desa data permanecerán para os supostos previstos nas correspondentes disposicións. O 1 de xullo dese ano constituirase a escala de oficiais definida nesta lei conforme o que se dispón nas disposicións transitorias.

2. O ciclo de ascensos 2016-2017 aos empregos de tenente a coronel en calquera das escalas finalizará o 30 de abril do ano 2017. Desde o 1 de maio ao 1 de xullo non se producirán ascensos aos mencionados empregos. O ciclo de ascensos 2017-2018 comezará o día 2 de xullo do ano 2017.

Disposición transitoria segunda. *Incorporación á escala de oficiais: aspectos xerais.*

1. Incorporaranse á nova escala os oficiais da Garda Civil que se encontren en calquera situación administrativa, salvo na de reserva. Aqueles que estean en situación de reserva permanecerán nas súas escalas de orixe até o seu pase a retiro. Tampouco se incorporarán os que, segundo o previsto nas disposicións seguintes, renunciaren á incorporación á nova escala ou non superen o curso de complemento de formación que para tal efecto se establece.

2. Os declarados non aptos para o ascenso, os retidos no emprego e os que non superasen un curso preceptivo para o ascenso manterán as limitacións derivadas da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e disposicións que a desenvolven.

3. A incorporación á nova escala de oficiais daqueles que cumpran as condicións establecidas para a integración realizarase o 1 de xullo do ano 2017. O resto do persoal incorporárase, a partir da dita data, no momento en que cumpra os mencionados requisitos.

4. Os oficiais xenerais e coroneis da escala superior de oficiais incorporáranse á nova escala de oficiais o 1 de xullo de 2017 segundo o seu emprego e antigüidade.

5. Para o resto dos oficiais, os procedentes da escala superior de oficiais incorporáranse, en todo caso, á nova escala de oficiais, e terá carácter voluntario a incorporación dos procedentes das restantes escalas de oficiais previstas na Lei 42/1999, do 25 de novembro, en ambos os casos, de acordo cos criterios que se establecen nas disposicións transitorias para cada un dos empregos delas.

Disposición transitoria terceira. *Incorporación á escala de oficiais: renuncias e curso de complemento de formación.*

1. Os oficiais das escalas cuxa incorporación ten carácter voluntario deberán exercer o seu dereito a renunciar a ela antes do 31 de marzo do ano 2016, pero serán tidos en conta ao aplicar os criterios de proporcionalidade no proceso de ordenación para a incorporación.

Aqueles que alcancen a categoría de oficial a partir da data sinalada no parágrafo anterior, e cuxa incorporación teña carácter voluntario, deberán exercer o seu dereito a renunciar a ela antes do día 1 do mes seguinte a aquel en que alcancen a dita categoría, e unicamente serán tidos en conta ao aplicar os indicados criterios de proporcionalidade se a data en que a alcancen é anterior ao 1 de xullo de 2017.

2. Os que non renunciaren á incorporación permanecerán na súa escala de orixe e, co propósito de adecuar o nivel de formación que recibiron para o exercicio de accións directivas, serán convocados para realizar un curso de complemento de formación, que, respectando os principios de mérito e capacidade, teña como finalidade incrementar as súas capacidades e coñecementos e proporcionarlles, se for o caso, a equivalencia de titulación académica que se determina no número 3 da disposición transitoria décima desta lei.

Para os membros das escalas, facultativa superior e técnica, os cursos de complemento de formación terán en conta as responsabilidades e funcións que, unha vez que se incorporen á nova escala de oficiais, poden corresponderlles.

Así mesmo, realizaranse cursos de complemento de formación cuxa superación, ademais da incorporación á nova escala de oficiais comporte, para os capitáns convocados que reúnan na data do 1 de setembro de 2016 os tempos mínimos no dito emprego, os efectos de capacitación para o ascenso que establece o artigo 65 desta lei, sen que resulten de aplicación as avaliacións establecidas no seu artigo 70.

En todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2016 determinaranse regulamentariamente, para cada un dos tipos de curso mencionados, os aspectos relativos ao seu contido, duración, calendario de realización, normas de aprazamento, repetición, renuncia, requisitos para a súa superación, réxime de avaliacións e cualificacións. Tanto a programación como o desenvolvemento dos cursos correspondentes se realizarán con criterios de eficiencia e atendendo as necesidades de conciliación da vida profesional e familiar.

Os contidos, que incluírán as áreas de coñecemento e disciplinas necesarias para satisfacer o propósito e as finalidades perseguidas, e en cuxa elaboración e execución participará o Centro Universitario da Garda Civil, terán como carga crediticia mínima a establecida con carácter xeral pola normativa vixente, para cada curso académico, nos plans de estudos conducentes á obtención das titulacións universitarias de carácter oficial e incluíranse, igualmente, os contidos que poidan corresponder, se for o caso, aos cursos de capacitación para o ascenso ao emprego de comandante da escala de oficiais.

Como parte dos créditos do citado curso valorarase a experiencia profesional adquirida como oficial en relación cos estudos sobre aspectos profesionais dirixidos que se poidan encomendar durante a realización do curso. Tamén se efectuará o recoñecemento das ensinanzas universitarias e daquelas outras que se acrediten, de conformidade co disposto no artigo 46.

As convocatorias dos cursos de complemento de formación deberanse realizar a partir do 30 de abril do ano 2016 e a partir da mesma data dos anos posteriores. Aqueles que non superen o correspondente curso incorporaranse ás escalas a extinguir de oficiais, facultativa superior ou facultativa técnica, cos efectos previstos na disposición transitoria oitava para os que renunciaren á incorporación.

Disposición transitoria cuarta. *Incorporación á escala de oficiais dos tenentes coroneis, comandantes, capitáns e tenentes.*

Os tenentes coroneis, os comandantes, os capitáns e os tenentes da escala superior de oficiais, da de oficiais, así como da facultativa superior e a facultativa técnica, ordenaranse para se incorporar á nova escala de oficiais por empregos de forma proporcional aos efectivos de cada emprego e de cada procedencia. Nesa ordenación modificaranse as datas de antigüidade no emprego de forma que se obteña unha listaxe decrecente de antigüidade e sen que a ningún dos escalafonados se lle asigne unha menor da que tivese na súa escala de procedencia. As alteracións de antigüidade que se poidan producir non terán ningún efecto económico.

O 1 de xullo do ano 2017 farase efectiva a incorporación dos procedentes da escala superior de oficiais e inicialmente daqueles das outras escalas que superasen o curso de complemento de formación que para cada unha se establecese. O resto de persoal incorporaranse á escala de oficiais na data en que finalice o citado curso de complemento de formación e coa antigüidade no emprego resultante da ordenación disposta no parágrafo anterior.

Aqueles que ascendan ou se lles confira o emprego de tenente con posterioridade ao 1 de xullo do ano 2017, e se poidan ou se deban integrar, integraranse coa antigüidade correspondente á súa data de ascenso ou ingreso na escala sempre que cumpran as condicións establecidas para a integración salvo que, cando respecto á antigüidade, concorran as circunstancias previstas no número 2 da disposición transitoria sexta.

Disposición transitoria quinta. *Incorporación á escala de oficiais dos alumnos de acceso á escala superior de oficiais.*

Tamén se incorporarán á dita escala os alumnos ao finalizaren o seu período de formación despois do 1 de xullo de 2017 cando a formación sexa para o acceso á escala superior de oficiais, coa antigüidade correspondente ao seu ingreso na citada escala.

Disposición transitoria sexta. *Incorporación á escala de oficiais dos alféreces.*

1. Os alumnos que finalicen o seu período de formación despois do 1 de xullo de 2017 accederán co emprego de alférez á escala de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, cando a formación sexa para a dita escala.

2. Os alféreces da escala mencionada ascenderán a tenente na súa escala de orixe con ocasión de vacante nela e polo sistema de antigüidade.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se o seu ascenso ao emprego de tenente é en data posterior a aquela en que o obteñan os que ingresen por promoción profesional na escala de oficiais, asignaráselles a antigüidade no dito emprego con data inmediatamente anterior á daqueles, sen que a dita asignación xere dereito económico de ningún tipo, computándolles, para efectos de trienios e dereitos pasivos, todos os anos permanecidos no emprego de alférez como comprendidos no grupo de clasificación A2 dos funcionarios ao servizo das administracións públicas.

3. Incorporaranse á nova escala de oficiais ao ascender a tenente, de acordo coas previsións contidas na presente lei.



Disposición transitoria sétima. *Criterios de proporcionalidade.*

Cando de acordo coas disposicións anteriores concorran persoal de distintas procedencias e sexa necesario utilizar criterios de proporcionalidade, aplicarase a cada un dos membros das diferentes procedencias a seguinte fórmula:

$C = (P - 0,5) / N$ , onde:

C= Coeficiente para a ordenación.

P= Número de orde que o interesado ocupa no colectivo de procedencia da súa escala constituído polos do mesmo emprego ou os do mesmo emprego e antigüidade, segundo corresponda.

N= Número de compoñentes do colectivo anterior.

A continuación, ordenaranse os das distintas procedencias tomando os coeficientes de menor a maior e, en caso de igualdade, resolverase a favor do de maior idade.

Disposición transitoria oitava. *Efectos da non incorporación á escala de oficiais.*

1. Os compoñentes da escala de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, que non se incorporen á nova escala por renuncia ou outras causas, quedarán encadrados na súa escala de orixe, que queda declarada a extinguir a partir do 1 de xullo do ano 2017 coa denominación de «escala de oficiais da Lei 42/1999».

O encadramento na dita escala non suporá ningunha limitación para a asignación de destinos.

Nesta escala, ao emprego de tenente coronel ascenderase polo sistema de elección, sempre que se teñan cumpridos ao menos tres anos de tempo de servizos no emprego de comandante e con ocasión de vacante no cadro de persoal regulamentario que para este emprego se determine. Será, ademais, requisito para o ascenso a superación previa do curso de capacitación que para este efecto se convoque.

Ao emprego de comandante ascenderase polo sistema de clasificación, con ocasión de vacante no cadro de persoal regulamentario que para este emprego se determine na súa escala e sempre que se teñan cumpridos ao menos cinco anos de tempo de servizos no emprego de capitán.

2. Os compoñentes da escala facultativa superior da Lei 42/1999, do 25 de novembro, que non se incorporen á nova escala por renuncia ou outras causas, quedarán encadrados na súa escala de orixe, que queda declarada a extinguir a partir do 1 de xullo do ano 2017, coa denominación de «escala facultativa superior da Lei 42/1999».

Nesta escala, ao emprego de coronel ascenderase polo sistema de elección, sempre que se teñan cumpridos ao menos catro anos de tempos de servizos no emprego de tenente coronel e con ocasión de vacante no cadro de persoal que para este emprego se determine regulamentariamente. Será, ademais, requisito para o ascenso a superación previa do curso de capacitación que para este efecto se convoque.

3. Os compoñentes da escala facultativa técnica da Lei 42/1999, do 25 de novembro, que non se incorporen á nova escala, por renuncia ou outras causas, quedarán encadrados na súa escala de orixe, que queda declarada a extinguir a partir do 1 de xullo do ano 2017, coa denominación de «escala facultativa técnica da Lei 42/1999».

Nesta escala, ao emprego de tenente coronel ascenderase polo sistema de elección sempre que se teñan cumpridos ao menos cinco anos de tempo de servizos no emprego de comandante e con ocasión de vacante no cadro de persoal regulamentario que para este emprego se determine. Será ademais requisito para o ascenso a superación previa do curso de capacitación que para este efecto se convoque.

Disposición transitoria novena. *Cadro de persoal de efectivos.*

Até o 30 de xuño de 2017 continuarán en vigor os cadros de persoal aprobados polo Real decreto 388/2013, do 31 de maio, polo que se fixa o cadro de persoal do corpo da Garda Civil para o período 2013-2018.

A partir da dita data o Goberno aprobará un cadro de persoal regulamentario para o corpo da Garda Civil que terá en conta o proceso de constitución da nova escala de oficiais definida nesta lei, polo que até que finalice o dito proceso non se incluírán os empregos de capitán, tenente e alférez, cuxo cadro de persoal resultará do procedemento descrito nas disposicións transitorias.

O cadro de persoal regulamentario que se estableza no segundo semestre do ano 2017 recollerá que o correspondente á nova escala de oficiais non poderá ser inferior ao actualmente fixado para a escala superior de oficiais.

Fixará igualmente o correspondente aos empregos de tenente coronel e comandante da escala a extinguir de oficiais, que será, ao menos, de sesenta compoñentes do primeiro emprego e cento vinte do segundo.

O cadro de persoal fixado para os empregos sinalados da escala a que se refire o parágrafo anterior manterase inalterado até que, de conformidade co período cuadrienal establecido no artigo 25.2 desta lei, se fixe un novo cadro de persoal regulamentario, en que tamén se manterá o número de compoñentes para os empregos mencionados da citada escala, sempre que o número de capitáns que permanezan nela non sexa inferior a 600.

Cando o número de capitáns que permanezan sexa inferior á dita cifra, o número total dos empregos de tenente coronel e comandante diminuirá nas seguintes porcentaxes, sempre referidas ao número inicial dos ditos empregos: un 10% cando o número de capitáns sexa inferior a 600; un 20% cando sexa inferior a 500; un 30% cando sexa inferior a 400; un 40% cando sexa inferior a 300, e un 50% cando sexa inferior a 200. Manterase desde entón o seu número até a total extinción da escala, sen prexuízo da regularización dos excedentes que se establece no parágrafo seguinte.

Os excedentes que se produzan nos empregos de tenente coronel e comandante a que se refire o parágrafo anterior, como consecuencia da aplicación das porcentaxes establecidas nel, e os que se produzan cando o número de capitáns que permanezan na escala sexa inferior ao existente nos empregos inmediatos superiores, pasarán directamente a integrar os cadros de persoal da nova escala de oficiais, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

Disposición transitoria décima. *Adaptación do ensino de formación.*

1. Nos anos 2015 e 2016 poderanse convocar prazas aplicando o sistema de ingreso e formación por promoción interna recollido na Lei 42/1999, do 25 de novembro. No caso dos oficiais, o acceso será á antiga escala de oficiais no emprego de alférez.

Aqueles que obteñan o emprego de alférez de acordo co especificado no parágrafo anterior integraranse á nova escala de oficiais definida nesta lei, unha vez que obtivesen o emprego de tenente, segundo o disposto na disposición transitoria sexta desta lei.

Os suboficiais e os membros da escala de cabos e gardas que consumisen o número máximo de convocatorias establecidas na normativa vixente anterior no momento da entrada en vigor desta lei para o acceso á escala de oficiais e de suboficiais, respectivamente, poderán optar novamente ás convocatorias que se efectúen en aplicación do disposto neste número.

2. Nas dúas primeiras convocatorias que se efectúen para o ingreso no ensino de formación con que se accede á escala de oficiais polo sistema de cambio de escala definido nesta lei, a totalidade das prazas que se convoquen reservaranse aos membros da escala de suboficiais.

3. Os compoñentes das escalas de oficiais e facultativa técnica definidas na Lei 42/1999, do 25 de novembro, que superen o curso de complemento de formación segundo o disposto na disposición transitoria terceira desta lei, terán, no momento da súa incorporación á nova escala de oficiais, o recoñecemento académico equivalente ao título de grao universitario.

4. Os procedentes da escala superior de oficiais e aqueles da de oficiais, aos cales non sexa de aplicación o recoñecemento establecido no número anterior manterán, respectivamente, a equivalencia ao título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto e ao de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, recollidas no artigo 20.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro.

Disposición transitoria décimo primeira. *Ascensos.*

1. Até o 30 de xuño do ano 2017 seguiranse aplicando os sistemas de ascenso establecidos na Lei 42/1999, do 25 de novembro.

2. Non obstante o disposto no número anterior, aqueles que renunciaren á avaliación para o ascenso ou para a realización dun curso de capacitación, segundo o disposto na Lei 42/1999, do 25 de novembro, volverán ser convocados a nova avaliación e aplicaráselles o disposto nesta lei respecto ás ditas renuncias, para o cal se lles contabilizarán as que xa efectuasen, para os efectos previstos nos artigos 66.4 e 70.3 desta lei.

3. As zonas do escalafón nas avaliacións para os ascensos a cada emprego no ciclo 2017-2018 fixaranse segundo os escalafóns das escalas de orixe da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e tendo en conta as previsións existentes sobre constitución da escala de oficiais definida nesta lei.

Disposición transitoria décimo segunda. *Adaptación das situacións administrativas.*

1. Ao garda civil que se encontre nalgunha das situacións administrativas, cuxa regulación queda modificada nesta lei, seralle de aplicación a nova normativa con efectos desde a súa entrada en vigor, pasando de oficio á situación que corresponda, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos até esa data.

A aqueles que solicitasen e disfrutasen da situación de excedencia por coidado de familiares con anterioridade á entrada en vigor desta lei, seralles recoñecido como tempo de servizos, con carácter retroactivo e logo de solicitude, o primeiro ano de cada período de excedencia.

O persoal que se encontre en situación de reserva manterase na dita situación, con independencia das novas condicións de pase a ela establecidas na presente lei.

2. Aqueles que fosen promovidos ao emprego de suboficial maior con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán pasar voluntariamente á situación de reserva ao cumprir seis anos de permanencia no dito emprego, se así o solicitan con anterioridade ao cumprimento do dito período, de conformidade co establecido no artigo 86.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro.

Os tenentes coroneis que, procedentes da escala de oficiais definida na Lei 42/1999, do 25 de novembro, desempeñen o dito emprego con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, poderán pasar voluntariamente á situación de reserva ao cumprir seis anos de permanencia no emprego, se así o solicitan con anterioridade ao cumprimento do dito período, sempre que teñan feitos os cincuenta e oito anos.

3. Aos membros da escala de cabos e gardas que pertencían á dita escala no momento da entrada en vigor da Lei 42/1999, do 25 de novembro, seguiralles sendo de aplicación o réxime transitorio de pase á situación de reserva que establece a disposición transitoria terceira da lei mencionada e poderán solicitar a súa permanencia en activo até os 65 anos de idade, de acordo co previsto no artigo 93.2 desta lei.

4. Aqueles que no momento de entrada en vigor da presente lei se encontren na situación administrativa de reserva ocupando un destino poderán seguir desempeñándoo até que se produza o seu cesamento polas causas previstas na normativa vixente no momento da súa adxudicación.

Disposición transitoria décimo terceira. *Réxime retributivo na situación de reserva.*

1. Os membros do corpo da Garda Civil que se encontren na situación de reserva no momento da entrada en vigor da Lei 42/1999, do 25 de novembro, seguiranse rexendo polo réxime retributivo que se lles viñese aplicando con anterioridade.

2. Seguirá sendo de aplicación a disposición transitoria primeira, número 1, da Lei 28/1994, do 18 de outubro, e os membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva a que lles é de aplicación non estarán suxeitos á obriga de dispoñibilidade prevista no artigo 93.8 da presente lei, continuando co réxime retributivo que lles viñese sendo de aplicación.

3. Aqueles que no momento de entrada en vigor desta lei desempeñen o emprego de tenente coronel da escala de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, ou o de suboficial maior, seralles de aplicación o previsto no artigo 86.10 da Lei 42/1999, do 25 de novembro.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Vixencias.*

Seguirán en vigor as disposicións da Lei 42/1999, do 25 de novembro, ás cales expresamente se refiren as disposicións transitorias da presente lei durante os períodos temporais nelas establecidos ou en canto exista persoal ao que lles sexan de aplicación e, se for o caso, os desenvolvementos regulamentarios que lles afecten.

Continuarán igualmente en vigor, en canto subsista persoal ao cal lles sexan de aplicación, as seguintes disposicións da Lei 42/1999, do 25 de novembro: artigo 20.2, Equivalencia de titulacións académicas; disposición adicional primeira, Cambio de denominacións; disposición adicional quinta, Perfeccionamento de trienios; disposición transitoria cuarta, Situación de segunda reserva dos oficiais xenerais; disposición transitoria sexta, Músicas da Garda Civil; disposición transitoria décima, Persoal do Corpo de Mutilados de Guerra pola Patria procedente da Garda Civil.

Seguirán, así mesmo, en vigor as disposicións regulamentarias mentres non se diten as necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei e sempre que non se opoñan aos preceptos dela.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Quedan derogadas a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.*

A disposición adicional segunda da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, queda redactada do seguinte modo:

«1. Para os efectos da elección dos membros do Consello da Garda Civil, considerarase que constitúen unha soa escala aqueles que, na data da correspondente convocatoria de eleccións, pertencen á escala de oficiais regulada na Lei de réxime do persoal da Garda Civil.

2. Igualmente, e para os mesmos efectos de elección, considerarase que constitúen unha soa escala os oficiais que, na data antes citada, non pertencen á escala referida no número 1, sempre que o número de electores non sexa inferior a 400. En caso contrario, todos os oficiais formarían parte da escala a que fai referencia o dito número.

3. As consideracións que para efectos de elección se establecen nos números anteriores serán de aplicación a partir do 1 de xullo de 2017, data de constitución da escala de oficiais.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

O número 4 do artigo 20 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, queda redactado do seguinte modo:

«4. Para o acceso á escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil reservárase un mínimo do 40 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven 5 anos de servizos como tales, sen que en ningún caso a dita reserva poida superar o 50 por cento.»

Disposición derradeira terceira. *Prevención de riscos laborais.*

Na prevención de riscos laborais, recoñecida como dereito profesional na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, a participación e representación dos gardas civís exercerase a través dos grupos de traballo e comisións específicas do Consello da Garda Civil e de acordo co previsto no seu regulamento de organización e funcionamento.

Disposición derradeira cuarta. *Título habilitante.*

A presente lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> e 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas e de seguridade pública, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei e, en especial, as referidas a ingreso nos centros de formación, acceso ás diferentes escalas e directrices xerais dos plans de estudo; avaliacións e ascensos; destinos; situacións administrativas; adquisición, perda e renuncia á condición de garda civil; determinación da falta de aptitudes psicofísicas e profesionais; retribucións e cadros de persoal.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY